

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 28 DE ABRIL DE 2017 DE NÚM.4 /2017.-

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

CONCELLEIROS:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS. (CxG-CCTT).
D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL. (CxG-CCTT).
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG-CCTT).
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES (PSdeG-PSOE).
D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).
D. JOSE MANUEL HERMIDA ARIAS. (PSdeG-PSOE).
D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).
D^a. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).
D^a. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).
D^a. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME. (PP).
D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (CONCELLEIRO NON ADSCRITO)

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA : D^a. MARTA OVIEDO CREO.

Ausente:

D^a. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).

ÍNDICE:

1.-	Aprobación, se procede, da acta N° 3/2017 da sesión ordinaria celebrada o día 31 de marzo de 2017.....	Páx. 4.
2.-	Decretos de Alcaldía. Dación de conta.....	Páx. 4.
3.-	Dación de conta das solicitudes de subvencións realizadas á Deputación Provincial de Pontevedra ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017.....	Páx. 11.
4.-	Proposta de Alcaldía en relación á Comisión de Investigación creada por acordo do Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 24 de novembro de 2016.....	Páx. 12.
5.-	Expediente 929/2017. Expediente de modificación do prezo público do Servizo de Axuda a Domicilio.....	Páx. 14.
6.-	Expediente 903/2017. Expediente de modificación de Créditos. Modalidade de Suplemento de Créditos N° 5-P/2017.....	Páx. 17.
7.-	Expediente 924/2017. Expediente de modificación de Créditos. Modalidade de Crédito Extraordinario N° 6-P/2017.....	Páx. 21.
8.-	Expediente 921/2017. Recoñecemento extraxudicial de crédito N° 8/2017.....	Páx. 24.
9.-	Expediente 913/2017. Expediente de aplicación da bonificación da taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbanos 2º trimestre. FAVORABLE.....	Páx. 25.
10.-	Expediente 889/2017. Expediente de aplicación da bonificación da taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbanos 2º trimestre. DESFAVORABLE.....	Páx. 26.
11.-	Expediente 884/2017. Moción do grupo de Goberno reclamando fondos estatais para a rebaixa da peaxe da AP-53.....	Páx. 28.
12.-	Moción do grupo de goberno para o control e erradicación de especies invasoras nas áreas da Rede Natura 2000 do Concello de Lalín, nomeadamente da <i>ACACIA DEALBATA</i> (MIMOSA).....	Páx. 31.
13.-	Expediente 938/2017. Moción do Grupo de Goberno para retirar o título de Fillo adoptivo de Lalín a Francisco Franco.....	Páx. 35.
14.-	Comparecencia do Sr. Alcalde aprobada na sesión celebrada polo Pleno o día 31/03/2017.....	Páx. 37.
15.-	Expediente 927/2017. Moción do PP solicitando a comparecencia da Concelleira Celia Alonso en relación ao expediente tramitado para a celebración do “Cocido do Orgullo”.....	Páx. 42.
16.-	Expediente 936/2017. Moción do PP relativa á exposición das pezas do Castriño de Bendoiro no Pazo de Liñares.....	Páx. 45.

17.- Expediente 940/2017. Moción do Concelleiro non adscrito solicitando igualar as cantidades á Escola de Fútbol e ao CD Lalín ás do anterior exercicio e regular, de ser preciso, a licitación de máquinas expendedoras e publicidade dos tickets do Parking Aldea Grande, etc.....	Páx. 48.
18.- Moción por urxencia do PP solicitando a concesión dunha achega á asociación de empresarios para a realización dun Plan de Dinamización do Comercio Local.....	Páx. 48.
19.- Moción por urxencia do PP relativa á recuperación de frecuencias de autobús e reordenación de horarios, da empresa Rías baixas, de traxectos entre Lalín e Vila de Cruces.....	Páx. 51.
20.- Moción por urxencia do PP para a implantación do voto telemático nos plenos da Corporación.....	Páx. 54.
21.- Rogos e preguntas.....	Pax. 56.

Sendo as nove horas do venres, **día 28 de abril de 2017**, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Luís Cuiña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a Orde do Día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral, *D. César López Arribas*.

Actúa como Interventora, *D^a. Marta Oviedo Creo*.

Non asiste á sesión, *D^a. María Álvarez Paz (P.P.)*.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e na deliberación dos asuntos que conforman a Orde do Día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA Nº3/2017, DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 31 DE MARZO DE 2017.-

Deuse conta pola Presidencia do borrador da acta Nº 3/2017 da sesión ordinaria celebrada o día 31 de marzo de 2017.

De seguido o *Sr. Presidente* preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que facer á mesma.

Non habendo observacións, acordouse por **UNANIMIDADE** dos asistentes aprobar a acta Nº 3/2017, da sesión ordinaria celebrada o día 31 de marzo de 2017, ordenándose a súa transcripción ao Libro de Actas.

2.- DECRETOS DE ALCALDÍA. DACIÓN DE CONTA.-

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última relación comunicada a este órgano.

O Concello Pleno quedou enterado.

3.- DACIÓN DE CONTA DAS SOLICITUDES DE SUBVENCIONS REALIZADAS Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA AO ABEIRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2017.

O Sr. Alcalde-Presidente, *D. Rafael Cuiña Aparicio* deu conta deste expediente. De seguido cedeulle a palabra á *Sra. Concelleira Delegada de Facenda, D^a Teresa Varela Fisteus*.

D^a Teresa Varela Fisteus comezou a súa exposición coa defensa do punto número 5.

Ao darse conta de que fora un erro por estarse a tratar dunha dación de conta o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** díxoo e pediu desculpas.

Así pois, a edil de facenda deu conta que segundo o disposto na base décima das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, publicadas no BOP nº 249 de 30/12/2016, no caso de que as solicitudes de subvencións ao abeiro de ditas bases sexan aprobadas mediante decreto ou ben por acordo da Xunta de Goberno Local, daráselle conta de dita aprobación ao Pleno da Corporación Municipal.

Na sesión celebrada polo Pleno o pasado día 31 de marzo de 2017 deuse conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 14 de marzo de 2017 relativo ás solicitudes presentadas ao abeiro da *Liña 2: Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes*.

Xa que logo na presente sesión dáse conta das solicitudes presentadas ao abeiro das Liñas 1 e 3 así como doutra solicitude presentada ao abeiro da Liña 2, de acordo co seguinte detalle:

- Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 29/03/2017, apartado 4.1. Solicitudes de subvencións ao abeiro da *Liña 1. Investimentos*, segundo relación que consta en dito acordo achegado ao expediente do Pleno.

- Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 29/03/2017, apartado 4.2. Solicitudes de subvencións ao abeiro da *Liña 2: Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes*, segundo relación que consta en dito acordo achegado ao expediente.

- Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 29/03/2017, apartado 4.3. Solicitudes de subvencións ao abeiro da *Liña 3: Emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais*, segundo relación que consta en dito acordo achegado ao expediente.

O Concello Pleno quedou enterado do mesmo.

4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA EN RELACIÓN Á COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN CREADA POR ACORDO DO PLENO DA CORPORACIÓN NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 24 DE NOVEMBRO DE 2016.

A Presidencia deu conta deste Expediente e da Proposta da Alcaldía, de data 19 de abril de 2017.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** comezou a súa intervención pedindo desculpas porque esta Comisión xa tiña que estar rematada. Houbo problemas. Primeiro xurdiu a baixa do Sr. Secretario Xeral, e posteriormente houbo unha inesperada baixa dunha persoa que non quixo formar parte desta comisión. Continuou dicindo que a proposta que facían ao Pleno era a de realizar un

cambio da persoa que vai formar parte da comisión e sacar adiante este tema o antes posible nos termos acordados.

Dende o PP o seu voceiro, **D. Xosé Crespo Iglesias**, indicou que esta comisión reflectía “o xeito de xestionar ao que nos tiñan acostumados” e que lle parecía falta de rigor. Explicou que esta Comisión aprobouse o 24 de novembro de 2016 en Pleno ordinario cunha data límite para a súa celebración de dous meses, polo que debería estar rematada en xaneiro de 2017, con posibilidade de que houbera prórrogas, descoñecendo se chegou a haber ou non algunha.

Posteriormente o Alcalde lle comunicou o día 7 de febreiro ao *Sr. Secretario* o seu nomeamento debido a que este estivo enfermo, o que implicou que dous meses e medio despois de creada a mesma e co prazo de resolución xa rematado foi cando se fai a comunicación oficial ao Sr. Secretario. Rematou precisando que o 16 de febreiro un dos técnicos comunicou a súa renuncia e preguntou por qué esta proposta non a levaron nin ao Pleno de febreiro nin ao de marzo.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, explicou que o motivo de non levalo antes ao Pleno foi que estivo persoalmente intentando convencer ao técnico en cuestión para que desistise; pero a súa renuncia era “por motivos sindicais e de filias e fobias”, polo que non foi posible. Finalizou dando a súa palabra de sacar este tema en prazo, se lle daban o seu apoio.

D. Xosé Crespo Iglesias lle respondeu dicindo que “podían facer o que quixeran”.

De novo, **D. Rafael Cuíña Aparicio** aclarou que non había ningún tipo de mala fé neste tema, e que tamén nese intre lle estaba indicando o *Sr. Secretario* que era necesario que se nomease a un suplente para el mesmo nos casos nos que dito funcionario non puidese participar na Comisión.

D. Xosé Crespo Iglesias rematou dicindo estar de acordo en facultar ao *Sr. Alcalde* para que nomease a un suplente para eses casos e á persoa que vai substituír ao técnico que renunciou.

Sometida a votación ordinaria a proposta da Alcaldía, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, nove (9) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito, **APROBOUSE** a Proposta da Alcaldía do seguinte tenor:

Dáse conta do escrito presentado por *D. Jorge García Fernández*, con DNI. 13123896-G, funcionario municipal do Concello de Lalín, de data 16 de febreiro de 2017 presentado no rexistro municipal o día 17 de febreiro de 2017 comunicando que non aceptaba a súa participación como integrante da comisión de investigación creada mediante o acordo adoptado polo pleno da Corporación na sesión celebrada o 24 de novembro de 2017, na cal se aprobou, por maioría dos asistentes, a moción por urxencia na que se acordou aprobar o seguinte:

- 1.- A creación e activación dunha comisión de investigación interna sobre as

seguintes cuestións:

- a) A presunta contratación irregular de traballadores.
- b) O presunto uso de persoal e material municipal dun xeito partidista en campañas electorais e en accións en favor do Partido Popular que foi comentado polo goberno en xullo e agosto de 2015.
- c) As campañas de recadación de fondos para eventos como a Feira do Cocido, as Festas Patronais, as campañas de Nadal, etc.
- d) A presunta investigación realizada con fondos municipais para descubrir ao culpable de difamacións persoais realizadas contra o anterior Alcalde nos meses previos ás eleccións municipais.

Co obxectivo de aclarar todas as dúbidas que existen a raíz da documentación atopada no Concello sobre estes e outros temas de similares características que foran comentados ata o momento polo grupo de Goberno.

2.- Que a devandita comisión estea formada polo Alcalde de Lalín (con voz e voto) e polos funcionarios que a continuación se enumeran, contando co voto de calidade o Sr. Alcalde-Presidente ante un eventual empate:

- César López Arribas
- Román Pérez García
- María Dolores García Fernández
- Jorge García Fernández

Así mesmo, cumpre nomear a outra persoa como suplente para o suposto de que o titular, da Secretaría teña que absterse por participar en expedientes ou dar fe de acordos municipais en que tería participado.

En base ao anteriormente exposto, o **Pleno da Corporación ACORDOU::**

Primeiro.- Aceptar a renuncia do funcionario municipal **D. Jorge García Fernández** como membro da Comisión de Investigación creada mediante o acordo adoptado polo Pleno da Corporación de data 24 de novembro de 2017, e nomear no seu lugar ao funcionario municipal **D. Manuel Varela Santomé**.

Segundo.- **Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente** para designar un suplente para o posto de Secretario, no suposto de que sexa obxecto de investigación algún expediente ou acordo no que este funcionario teña participado.

5.- EXPEDIENTE 929/2017. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO PREZO PÚBLICO DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO.

A Presidencia deu conta deste Expediente e da proposta da Alcaldía de data 19 de abril de 2017. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ***dítame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 24 de abril de 2017.***

Na defensa da proposta tomou a palabra a Sra. Concelleira Delegada de Facenda, **D^a Teresa Varela Fisteus**, indicando que correspondía ao Concello a xestión e a recadación do prezo público do servizo de axuda no fogar, por tratarse dun contrato de servizos e non de xestión de servizos como era antes, cando cobraba directamente a empresa. Agora quen ía cobrar o prezo público era o Concello, tal e como esixe a normativa vixente, e non implicaría ningunha variación de custes para o

usuario, simplemente se trataba dun cambio no contrato, polo que tiña que cobrarse polos servizos de Tesourería deste Concello.

Dende o PP, **D^a. Paz Pérez Asorey** manifestou que lle resultaba un tema confuso. Preguntou se se trataba dunha modificación do prezo público ou era unha modificación da ordenanza municipal do Servizo de Axuda a Domicilio.

A Interventora **D^a Marta Oviedo Creo** contestou que eran dous temas.

Descoñecía polo tanto se era necesario facer esa modificación, xa que na ordenanza vixente do SAF xa recollía as dúas cuestións que se pretendían modificar: por unha banda as normas de xestión e o nacemento da obriga que xa está recollido, e que o que se interpreta, que estaba recollida é que ata a data eran 15 días e agora pasarían a 20.

A *Sra. Interventora*, **D^a. Marta Oviedo Creo**, aclarou que a obriga nace dende momento en que se percibía o servizo. O que se estaba regulando era o paso ao cobro de prestar ese servizo, porque ían pasar ser por xestión directa os trámites, tanto dende que se aproba, como unha vez que se presta o servizo e finalmente unha vez que se revisa por servizos sociais e se pode aprobar a liquidación. Estase a falar de prazos realistas de 20 días, porque se teñen que revisar as horas de servizo de cada persoa e despois aprobar as liquidacións.

D^a. Paz Pérez Asorey continuou preguntando que xa que, se os prezos públicos aprobados na ordenanza se ían a facer con carácter específico como era ata o de agora durante a primeira quincena ou se agora ían a pasar durante os 20 días.

A isto a *Sra. Interventora* respondeu que si.

Novamente, **D^a. Paz Pérez Asorey** preguntou se era preciso levar a cabo esta modificación.

A *Sra. Interventora*, **D^a. Marta Oviedo Creo**, respondeulle que non foi posible telo feito antes, xa que estaban implicados os dous servizos, Servizos Sociais e Tesourería.

D^a. Paz Pérez Asorey preguntou se se seguía mantendo a forma establecida, sendo no departamento de Servizos Sociais onde se cotexaban as facturas.

A *Sra. Interventora*, **D^a. Marta Oviedo Creo**, aclaroulle que a empresa cobraba de forma distinta ao réxime que tiña aprobado o Concello ás liquidacións que se teñen na administración local; na empresa non tiñan aprobadas as liquidacións e se tiñan que levar a Xunta de Goberno no Concello a aprobación desas liquidacións e tramitalas logo.

De novo, **D^a. Paz Pérez Asorey** preguntoulle á *Sra. Interventora* se estaba isto recollido nalgũa norma. Ante a resposta afirmativa desta funcionaria, **D^a. Paz Pérez Asorey**, indicou que en interpretacións normativas non tiñan nada que dicir máis que pedir o máximo rigor, máxime coa información que aportaba a *Sra. Interventora*; non obstante dixo non estar de acordo no tema, xa que de feito coidaban que esta

situación xa debería estar resolta hai un ano, porque había un contrato prorrogado e isto sería moi oportuno telo proposto no seu día; entón contaría co seu apoio por ser coñecedores do vencemento do contrato. Agora lles xeraba moitas dúbidas é o feito de traelo case un ano despois. Finalizou preguntando se se ían a cobrar os servizos de educación familiar.

A *Sra. Interventora, D^a. Marta Oviedo Creo*, indicou que non se estaba a modificar a tarifa polo que se ía a seguir cobrando o mesmo que ata o de agora.

Nese intre *D^a. Paz Pérez Asorey* interrompeu ao concelleiro *D. Nicolás González Casares* por, “*estar sintonizando radio Olé*”, namentres se estaba a tratar un tema tan importante como o que lles ocupaba. Continuou dicindo que da lectura da proposta interpretaba que se ía a cobrar polo servizo.

D. Nicolás González Casares lle respondeu que era unha mala interpretación súa porque non se vai a cobrar por iso. Dixo que isto non funcionaba como o PP “cos “globos sonda”, que logo lle cobraban como sucedeu coas taxas xudiciais.

Deu lectura *D^a. Paz Pérez Asorey* a esa parte da proposta e pedíulle que recoñecera que houbo un erro, pero que non cargara contra os “globos” do Partido Popular.

Recoñeceu *D. Nicolás González Casares* que podía ser un erro, pero que non sería posible cobrar, xa que non había unha ordenanza que regulase o cobro dese servizo e que so estabamos diante dunha modificación técnica que lle propoñían dende os servizos de Tesourería e Intervención.

A edil popular *D^a. Paz Pérez Asorey* indicou que con estas cuestións o que merecían era que o voto do seu partido fose desfavorable; pero tendo en conta que se trataba de cumprir a normativa, ía a ser de abstención. Criticoulle ao *Concelleiro de Benestar Social* que houbese retrasos inxustificados nas listas de espera e o feito de que non se estean a dar altas en Xunta de Goberno Local no servizo de axuda a domicilio e que se priorice o servizo dunha paxina web de axuda a domicilio.

Discrepou *D. Nicolás González Casares* no número de altas no servizo de axuda na domicilio; nas últimas Xuntas de Goberno houbo altas, engadindo que a día de hoxe estaban todas as horas dadas.

Para *D^a. Paz Pérez Asorey* iso non era así. Rematou solicitando os listados de altas en libre concorrencia por ser no eido no que ten competencia o Concello para dar altas.

Finalizou o *Concelleiro de Benestar Social D. Nicolás González Casares*, recordándolle que no orzamento que o grupo popular non quería negociar se contemplaba a ampliación dun 30 % máis para a axuda a domicilio por libre concorrencia.

Neste intre, sendo as 09:23 horas, o *Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García* pediu que constasen en acta todas as interrupcións que houbo e que no

debate “para nada se respectaron os turnos”.

Sometida a votación ordinaria a moción mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e un (1) do Concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: nove (9) do PP.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos asistentes ao Pleno da Corporación, **APROBOUSE** o expediente 929/2017 de Modificación do prezo público do Servizo de Axuda a domicilio do seguinte tenor:

Á vista do expediente formado para a aprobación da modificación da Ordenanza municipal do servizo municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Lalín o Pleno **ACORDOU**:

Primeiro.- Modificar o artigo 23 da Ordenanza, de xeito que o artigo quede redactado como segue:

Artigo 23º- Nacemento da obriga.

A obriga de pagar os prezos públicos regulados neste acordo regulador, nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

Segundo.- Introducir un novo artigo 24 na Ordenanza, coa seguinte redacción

“Artigo 24º- Normas de xestión.

1. A xestión do prezo público correspóndelle aos Servizos sociais municipais.

2. O pagamento efectuarase mediante cargo na conta bancaria que a persoa usuaria deberá facilitar no modelo oficial que lle será facilitado polo Concello, debendo ser obrigatoriamente asinado por todos os usuarios.

3. Mensualmente o departamento de servizos sociais remitirá ao órgano de recaudación unha relación comprensiva das altas e baixas producidas no mes anterior, con indicación das contas bancarias das persoas obrigadas ao pagamento, así como dos servizos prestados, do importe do copago dos usuarios e demais datos necesarios para liquidar. As matrículas ou listas cobratorias aprobaranse pola Alcaldía ou órgano en quen delegue.

4. As débedas do prezo público regulado nesta Ordenanza poderanse esixir polo procedemento administrativo de constriximento en caso de impago por parte do beneficiario en período voluntario”

Terceiro.- Renumerar o anterior artigo 24 da Ordenanza regulador de Infraccións e Sancións pasando a ser o artigo 25.

Cuarto.- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza municipal do servizo municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Lalín.

Quinto.- Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do acordo de aprobación provisional a través da publicación no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo no Departamento de Intervención e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Sexto.- Considerar, no suposto de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, que o acordo sexa definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Sétimo.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, o acordo definitivo de modificación, insertando o texto íntegro da Ordenanza municipal do servizo municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Lalín reguladora da mesma no Boletín Oficial da Provincia.

6.- EXPEDIENTE 903/2017. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS, MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITOS Nº 5-P/2017.

A Presidencia deu conta deste Expediente e da proposta da Alcaldía de data 19 de abril de 2017. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ***dítame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 24 de abril de 2017.***

A *Concelleira Delegada de Facenda, D^a Teresa Varela Fisteus*, indicou que o expediente se incoaba para poder dotar de crédito á aplicación orzamentaria que permita proceder ao pago da anualidade 2016 correspondente ao pago da Mancomunidade Terras de Deza mediante remanente líquido de Tesourería, cumprindo co obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e límite de débeda.

Na súa quenda de palabra o voceiro popular, ***D. Xosé Crespo Iglesias***, indicou que o seu voto ía ser favorable, aínda que lle recordou que esa factura deba estar aprobada e pagada no exercicio anterior. Recriminoulle ao goberno que se queixase de que a Mancomunidade non funcionase como deba.

Recoñeceu que, en parte, tiñan razón, porque para que funcionase esta Entidade era preciso que houbera delegación dos distintos concellos nela e tamén vontade para facer cousas; o que non se podía era dicir unha cousa e facer outra.

O goberno municipal demostraba falta de interese neste tema, pagando unha factura a mediados do ano seguinte e afirmou que, se non funciona mellor, era por culpa dos que a compoñían, por non querer delegar nela e por non cumprir coas súas obrigas.

Indicou que non era de recibo que nos presupostos do ano pasado non se contemplase ningunha partida para poder facerlle fronte, aínda que posteriormente houbera que suplementala.

O Sr. Alcalde-Presidente, ***D. Rafael Cuiña Aparicio*** respondeulle que si estaba

contemplada na partida do ano pasado.

A isto **D. Xosé Crespo Iglesias** lle preguntou entón por que non se pagou.

A *Concelleira Delegada de Facenda, D^a Teresa Varela Fisteus*, indicoulle que o que estaba a falar era obxecto de debate doutro punto da orde do día, porque aquí se falaba unicamente da suplementación desa partida orzamentaria.

Reiterou **D. Xosé Crespo Iglesias** o seu voto favorable e engadiu que con este sistema a Mancomunidade “*entre todos la mataron y ella sola se murió*”. Rematou dicindo que a súa intervención era para este punto e para o punto seguinte, o número 8, Recoñecemento Extraxudicial de Crédito nº8/2017.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** preguntoulle ao Sr. Concelleiro non adscrito se quería dicir algo. Tamén indicoulle o mesmo á Concelleira Delegada de Facenda, *D^a Teresa Varela Fisteus*, coidando que se ían a tratar os dous puntos de forma conxunta.

Explicou **D^a Teresa Varela Fisteus**, referíndose ao punto 8, que en 2016 non houbo ningún Pleno da Mancomunidade; só houbo o día 9 de xaneiro de 2015 o Pleno de constitución, e agora o do 25 de abril de 2017. A Mancomunidade tivo reunións de alcaldes e celebrou Xunta de Goberno o 24 de novembro de 2015 e o 14 de febreiro de 2017, nesta última foi onde se chegou a os acordos de funcionamento e acordáronse os pagos. Volvéronse reunir o 17 de marzo de 2017. Indicou tamén que a Mancomunidade non respectaba calendarios e non tiña ningún tipo de organización. Continuou dicindo que a acta da Xunta de Goberno tardou moito en rematarse pola baixa do Sr. Secretario e quedou o expediente pendente. Podíase realizar o pago do 2017 porque estaba no orzamento prorrogado, pero non no do de 2016, porque había pechado o exercicio económico. Por isto había que dotalo de crédito extraordinario. Isto se ía a levar ao Pleno de febreiro pero aínda non estaba pechado o exercicio 2016, que se pechou fai 15 días, motivo polo que ven a este Pleno. Finalizou sostendo que a súa vontade, unha vez que houbo acordo, foi pagar.

D. Xosé Crespo Iglesias reiterou que a responsabilidade era do goberno, pola súa falta de vontade e porque esta non lle parecía a mellor forma de xestionar a Mancomunidade.

Dixo entender **D. Rafael Cuíña Aparicio** que dentro do xogo político valía todo, pero recriminoulle que non criticasen que non se convocaran plenos da Mancomunidade en dous anos, motivo polo cal hai actuacións en Lalín que non estaban feitas, como sucedía coas luminarias que poderían levar postas un ano. Recoñeceu que non pagaron a esta Entidade como medida de presión, pero que da por pechada esa etapa para mirar en positivo.

Sinalou **D. Xosé Crespo Iglesias** que non estaba de acordo en utilizar o non pagar como forma de presión.

Finalizou o seu turno **D. Rafael Cuíña Aparicio** dicindo que os motivos polos que non se convocaron os plenos foron políticos e que non foi por unha cuestión de cartos que non se fixeran obras para o Concello de Lalín, se non si que terían

pagado. Entendía que non había ningunha xustificación para ter estado tanto tempo sen plenos da Mancomunidade.

Rematou **D. Xosé Crespo Iglesias** dicindo que ten a mesma responsabilidade o Concello que a Mancomunidade: un por non pagar e o outro por non convocar.

*Sometida a votación ordinaria a proposta da Alcaldía, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, nove (9) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito, **APROBOUSE o expediente 903/2017 de Modificación de Créditos, Modalidade Suplemento de Créditos Nº 5-P/2017 co seguinte contido:***

De seguido neste mesmo punto da orde do día procedeuse á votación do expediente 921/2017. Recoñecemento Extraxudicial de Crédito nº8/2017 (punto 8 da orde do día) co seguinte resultado:

*Sometida a votación ordinaria o Expediente e a Proposta da Alcaldía, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, nove (9) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito, **APROBOUSE o Expediente 921/2017 de Recoñecemento Extraxudicial de Crédito Nº 8/2017.***

Incoado o expediente de Suplemento de Crédito número 5-P/2017, coa financiación Remanente Líquido de Tesourería procedente do peche do exercicio 2016, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar un gasto que non pode demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para a seguinte finalidade:

En concreto, trátase de dotar de crédito á correspondente aplicación orzamentaria para a realización do pago da anualidade 2016, que quedou pendente de pago, correspondente a achega que lle corresponde a este Concello na Mancomunidade de Terras de Deza.

Á vista da documentación que se achega, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Suplemento de Crédito financiado mediante o Remanente Líquido de Tesourería procedente do peche do exercicio 2016, de acordo co seguinte detalle:

1- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Suplemento de Crédito.

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
943.463.00	Transferencia a outras entidades locais	
53.820,00 €	Transferencias a Mancomunidade	

TOTAL ALTAS CRÉDITO EXTRAORDINARIO 53.820,00 €

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

Fináncianse con Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, procedente do exercicio 2016, reflectido contablemente no concepto 870.00 (Remanente de Tesourería para gastos xerais) do presuposto de ingresos . Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó publico polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Legislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

7.-EXPEDIENTE 924/2017. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS, MODALIDADE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 6-P/2017.

A Presidencia deu conta deste Expediente e da Proposta da Alcaldía de data 19 de abril de 2017. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 24 de abril de 2017.***

Dende o goberno, a Concelleira Delegada de Facenda, ***Dª. Teresa Varela Fisteus***, explicou que este expediente se incoaba para dotar de partida orzamentaria a equipamentos culturais e museos mediante a baixada de outras partidas cumprindo co obxectivo de límite de débeda, a regra de gasto e de estabilidade orzamentaria. Eran 10.226,81€ para levar a cabo obras no auditorio de Muimenta, tal e como recollía o proxecto do técnico municipal. Íanse poder beneficiar destas reformas os alumnos que cursaban alí estudos musicais.

Dende o PP, ***D Xosé Crespo Iglesias*** mostrou a súa conformidade coa proposta e salientou que todo o que foran investimentos nos auditorios do rural lle parecía ben.

Preguntou se eran coñecedores de que a asociación de veciños San Lorenzo tiña solicitado una subvención á Xunta de Galicia para ese mesmo tema, e se o sabían se xa daban por feito que non lla ían a conceder. Por isto o motivo esta axuda.

Criticou que houbera esa descoordinación e que no anterior Pleno falasen de que no caso das obras de Vilatuxe, que estaban pendentes da Xunta de Galicia, e pediron que actuasen igual en Muimenta que en Vilatuxe. Rematou preguntando se non falaban cos veciños.

O Sr. *Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio** indicou que tivo una reunión cos veciños e ca Escola de Música e que o que propoñen ao pleno é exactamente o que acordaron con eles. Comentou tamén outra posibilidade que tratan na reunión de comprar uns terreos próximos pero, orzamentariamente era máis complicado e sería imposible telo listo para o inicio do próximo curso, aínda que non o descartaba para o futuro.

Tanto **D. Rafael Cuíña Aparicio** como **D. Tomas Vilariño Fidalgo** afirmaron non saber nada desa solicitude de subvención.

Parecíalle a **D. Xosé Crespo Iglesias** una forma curiosa de xestionar, e pediu que se tratara co mesmo rigor a Muimenta e a Vilatuxe.

Reiterou **D. Rafael Cuíña Aparicio** non ter constancia da solicitude da subvención, engadino que coa proposta quería cumprirse os acordos cos veciños en ambos casos, no de Vilatuxe e no de Muimenta.

D. Xosé Crespo Iglesias continuou dicindo que discrepaba coa versión do Goberno e que o que cría era que se enterasen de que os veciños solicitaran unha subvención á Xunta e “para marcarse un tanto decidiron adiantarse”.

O Sr. *Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio** aclarou que quen convocou a reunión foi o director da banda de Muimenta e que diante de 100 veciños acordaron esas obras. Engadiu que o traían ao Pleno despois de falar coa Interventora e de asegurarse de que era economicamente viable. Finalmente repetiu non saber nada de ningunha subvención solicitada polos veciños.

Insistiu de novo **D. Xosé Crespo Iglesias** en que o Sr. *Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, e **D. Tomas Vilariño Fidalgo** tiñan coñecemento da solicitude da subvención dende hai dous meses e indicou que: “se din que o contrario menten”. Afirmou que tamén prepararon a reunión para “*facer un paripé e marcarse o tanto*”. E preguntou se a Xunta de Galicia concedera a subvención á asociación, perderíase?.

O edil non adscrito **D. Juan Cruz García** indicou que a asociación informou desta petición.

De novo **D. Tomás Vilariño Fidalgo** reiterou que non sabía nada.

D. Xosé Crespo Iglesias repetiu que si que o sabía, porque era membro da asociación, e foi convocado ás reunións da mesma nas que se tratou o tema das aulas de Muimenta.

De novo **D. Juan Cruz García** insistiu en que **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** si que coñecía o tema. Pediu que se puxeran de acordo para nos perder os cartos, se se obtían.

D. Tomas Vilariño Fidalgo de novo dixo non saber nada da solicitude de subvención, resaltando que o que soubo pola asociación do proxecto das aulas de Muimenta foi que esta actuación se intentou levar a cabo cando se fixo o da caldeira

O Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** interrompeu para dicir que tiñan que poñerse de acordo para non perder a subvención.

Interveu o *Concelleiro Delegado de Obras no casco urbano*, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** para pedir que constase en acta que **D. Juan José Cruz García** “falase sen ter a palabra”.

Tomou a palabra o Concelleiro **D. Juan José Cruz García** para pedir acordo xa que podían ser compatibles os dous proxectos e se podería facer una obra moito máis grande.

Trala intervención do Concelleiro non adscrito, **D. Xosé Crespo Iglesias**, pediu a palabra. Pero o *Sr. Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuiña Aparicio** lle outorgou unha nova quenda de palabra á *Sra. Concelleira de Facenda*, **Dª Teresa Varela Fisteus**.

Explicou **Dª Teresa Varela Fisteus** que cando unha asociación pedía una subvención para acometer unha mellora nun edificio público era preciso que asinase un convenio co Concello ou polo menos que se deixase constancia no Concello. Aplaudía a iniciativa dunha asociación solicitando a subvención e afirmou que cando os veciños lle piden levar a cabo unhas obras fan o posible por facelas. Aclarou que se trataba de dous expedientes económicos totalmente distintos, no caso de Vilatuxe é unha suplementación orzamentaria dunha axuda na que se descoñecía o importe que se ía conceder; neste caso estabase a dotar de crédito una partida orzamentaria para poder levar a cabo unha obra.

Dixo que non era así **D. Xosé Crespo Iglesias**, porque se lle concedían a subvención aos veciños se ía a perder.

Tomou a palabra o *Tenente de Alcalde*, **D. Nicolás González Casares** para preguntar se as actuacións para as que pediran subvención os veciños eran as mesmas que as que se ían a realizar dende o Concello. A maiores, afirmou que, se era o mesmo proxecto e o mesmo orzamento, podería entenderse este debate; de ser distintas as subvencións pedidas, todo isto sería estéril.

Rematou o *Sr. Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuiña Aparicio** dicindo que o que lle importaba era que no mes de outubro estivese rematada a obra e que se procedía á votación.

Sometida a votación ordinaria o Expediente e a Proposta da Alcaldía, mediante o sistema de man alzada, por UNANIMIDADE dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, nove (9) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito, APROBOUSE o expediente 924/2017 de Modificación de Créditos, Modalidade Crédito Extraordinario N° 6-P/2017 do seguinte tenor:

Pola Alcaldía-Presidencia incoouse expediente de Crédito Extraordinario número 6-P/2017, con destino a gastos específicos e determinados a financiar

mediante baixas doutras aplicacións, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para as seguintes finalidades:

En concreto, trátase de habilitar a correspondente aplicación orzamentaria co crédito necesario para a realización de Reformas varias no Auditorio de Muimenta, segundo a Memoria elaborada polo Arquitecto Técnico municipal, consistentes en realizar unha modificación na parte superior para crear salas para que poidan ensaiar as persoas que van a practicar música. As obras que se propoñen son fundamentais para poder mellorar as condicións de utilización do edificio en perfectas condicións, permitindo deste modo obter mais salas para a práctica individual de música, podendo actuar varias persoas en distintas salas ao mesmo tempo.

Tendo en conta o exposto, é necesario modificar o orzamento municipal vixente neste momento, correspondente ó do exercicio 2016 prorrogado para o 2017, achegándose a este expediente a Memoria de “Reformas varias no edificio do Auditorio de Muimenta” elaborada polo Arquitecto Técnico municipal.

Á vista da documentación que se achega, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito, financiado mediante a baixa de crédito doutras aplicacións non comprometidas, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, de acordo co seguinte detalle:

1.1- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Crédito Extraordinario:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
333.632.26	Equipamentos culturais e museos.	
10.236,81€	Reformas varias no edificio do Auditorio de Muimenta.	

TOTAL ALTAS CRÉDITO EXTRAORDINARIO 10.236,81 €.

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

A baixa de crédito das seguintes aplicacións do Presuposto vixente non comprometidas, cunhas dotacións que se estiman reducibles sen perturbación dos respectivos servizos:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
912.160.00	Órganos de goberno	10.236,81€
	Seguridade Social	

TOTAL BAIXAS 10.236,81 €

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de Modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

8.- EXPEDIENTE 921/2017. RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO Nº8/2017.

A Presidencia deu conta deste Expediente e da Proposta da Concelleira de Facenda de data 19 de abril de 2017. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***dítame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 24 de abril de 2017.***

O debate e votación deste punto tivo lugar no punto catro da orde do día como se recolleu na presente acta.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, nove (9) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito, **APROBOUSE o Expediente 921/2017 de Recoñecemento Extraxudicial de Crédito Nº 8/2017 co seguinte contido:**

A fin de poder atender a aportación á Mancomunidade Terras do Deza do exercicio 2016, o Pleno da Corporación Municipal acordou:

Recoñecer extraxudicialmente os créditos e aprobar o gasto, con cargo á correspondente aplicación orzamentaria, 943.463.00, de acordo co artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril e a Base 15 das Bases de Execución do Presuposto para o exercicio de 2016 prorrogado para o 2017. Ámbolos dous establecen expresamente a competencia do Pleno da corporación para o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non existira dotación orzamentaria.

Este expediente queda vinculado á entrada en vigor do Expediente de Modificación de Créditos nº 5-P/2017 de Suplemento de Crédito.

9.- EXPEDIENTE 913/2017. EXPEDIENTE DE APLICACIÓN DA BONIFICACIÓN DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO E DE RESIDUOS URBANOS 2º TRIMESTRE. FAVORABLE.

A Presidencia deu conta deste Expediente e da Proposta do Concelleiro de Benestar Social de data 19 de abril de 2017. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 24 de abril de 2017.***

D. Nicolás González Casares e o *Sr. Secretario* aclararon que no punto 10 o ditame de Desfavorable non era correcto, xa que o ditame en comisións informativas foi favorable.

Fixo un comentario *D. Xosé Crespo Iglesias* en relación á retransmisións dos plenos, xa que ás veces non se oían as intervencións.

A isto *D. Nicolás González Casares* respondeulle: “era mellor o que facías ti”.

Dende o PP, *Dª. Paz Pérez Asorey* preguntou cal era o motivo polo que se levaban a Pleno estes expedientes, porque era a primeira vez que se facía.

Contestoulle *D. Nicolás González Casares* que o motivo era porque non estaba delegado na Xunta de Goberno Local e que fora o seu grupo o que presentou e aprobou unha moción para quitar competencias ao Pleno.

Interveu o *Sr. Secretario* para aclarar que as bonificacións tiñan que ir a Pleno porque así o esixía a ordenanza e porque xa non estaba delegada a súa concesión na Xunta de Goberno.

De novo, *D. Nicolás González Casares* tomou a palabra para pedirles que, se queren lles devolvan esas competencias; deste xeito non volverían a levarse ao Pleno este tipo de expedientes.

Sometida a votación ordinaria o Expediente e a Proposta da Alcaldía, mediante o sistema de man alzada, por UNANIMIDADE dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, nove (9) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito, APROBOUSE o Expediente 915/2017 de aplicación da bonificación da taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbanos 2º trimestre. FAVORABLE, co seguinte contido:

O Concello de Lalín, en virtude da Lei 39/1988, reguladoras das Facendas Locais, modificado pola Lei 25/1988, do 13 de xullo, de modificación do Réxime Local das Taxas Estatais e Locais, establece a taxa pola prestación do servizo de recollida e

tratamento de lixo e residuos urbanos.

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida e tratamento de lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos, sendo suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas, xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria.

No artigo 5 da Ordenanza, de acordo coa modificación da mesma publicada no boletín oficial da provincia de 17 de decembro de 2013, establécense as tarifas da taxa en relación a vivenda, distinguindo entre familias con escasos recursos, familias numerosas nas súas categorías xeral e especial así como persoas beneficiarias de RISGA e/ou Emerxencia Social.

Unha vez achegada a documentación, que xustifique a pertenza a cada un dos colectivos, producirá efectos a partir do trimestre seguinte ao da súa presentación. Así mesmo todos os colectivos deberán de presentar antes da finalización do primeiro trimestre a documentación acreditativa das situación que da lugar á aplicación da tarifa.

En base ao exposto, o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

Aprobar a aplicación das tarifas recollidas no artigo 5 da Ordenanza Reguladora da Taxa por Prestación do Servizo de Recollida e Tratamento de Lixo e Residuos Urbanos de acordo cos informes técnicos que se achegan coa presente.

10.- EXPEDIENTE 889/2017. EXPEDIENTE DE APLICACIÓN DA BONIFICACIÓN DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO E DE RESIDUOS URBANOS 2º TRIMESTRE. DESFAVORABLE.

A Presidencia deu conta deste Expediente e da Proposta do Concelleiro de Benestar Social de data 19 de abril de 2017. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 24 de abril de 2017.***

O debate realizouse conxuntamente co punto anterior.

*Sometida a votación ordinaria o Expediente e a Proposta da Alcaldía, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, nove (9) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito, **APROBOUSE** o Expediente 889/2017 de aplicación da bonificación da taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbanos 2º trimestre **FAVORABLE** á proposta, co seguinte contido:*

O Concello de Lalín, en virtude da Lei 39/1988, reguladoras das Facendas Locais, modificado pola Lei 25/1988, do 13 de xullo, de modificación do Réxime Local das Taxas Estatais e Locais, establece a taxa pola prestación do servizo de recollida e

tratamento de lixo e residuos urbanos.

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida e tratamento de lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos, sendo suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas, xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria.

No artigo 5 da Ordenanza, de acordo coa modificación da mesma publicada no boletín oficial da provincia de 17 de decembro de 2013, establécense as tarifas da taxa en relación a vivenda, distinguindo entre familias con escasos recursos, familias numerosas nas súas categorías xeral e especial así como persoas beneficiarias de RISGA e/ou Emerxencia Social.

Unha vez achegada a documentación, que xustifique a pertenza a cada un dos colectivos, producirá efectos a partir do trimestre seguinte ao da súa presentación. Así mesmo todos os colectivos deberán de presentar antes da finalización do primeiro trimestre a documentación acreditativa das situación que da lugar á aplicación da tarifa.

En base ao anteriormente exposto, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

NON aprobar a aplicación das tarifas recollidas no artigo 5 da Ordenanza Reguladora da Taxa por Prestación do Servizo de Recollida e Tratamento de Lixo e Residuos Urbanos por non reunir as persoas solicitantes os requisitos esixidos de acordo co informe técnico que se achega coa presente.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** interveu para dicir que antes do debate das mocións quería introducir, se lle permitían, unha explicación, por parte da *Sra. Interventora*, sobre o porque de non estar executadas as pistas do rural por valor de 425.000 €, xa que quería dar unha explicación ao pleno e ao pobo de Lalín.

A isto dende o Grupo Popular, en concreto D. Xosé Crespo Iglesias, se opuxeron a tratalo neste momento do Pleno preguntando se estaba na orde do día.

Interveu o *Sr. Secretario* para indicar que non estaba na orde do día e consideraba máis apropiado non tratalo neste intre polo e que debería pospoñerse ao final do Pleno ou en rogos e preguntas.

Neste momento a Sra. Interventora abandonou o Pleno sendo as 9:57 horas.

11.- EXPEDIENTE 884/2017. MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO RECLAMANDO FONDOS ESTATAIS PARA A REBAIXA DA PEAXE DA AP-53.

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 17 de abril de 2017, presentada na oficina auxiliar de Rexistro do Pleno o día 18 de abril de 2017 co número 3. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao *ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 24 de abril de 2017.*

Defendendo a moción, o Primeiro Tenente de Alcalde, **D. Nicolás González Casares** indicou que un ano asistían ao proceso de aprobación dos orzamentos xerais do Estado para o 2017, asombrados, para comprobar como despois de múltiples reclamacións, non se destinaron partidas para a rebaixa ou supresión da peaxe da AP-53, unha das peaxes máis elevadas, e, en cambio, outras concesionarias de toda España si recibían axudas por parte do goberno do Partido Popular para a súa rebaixa.

Recoñeceu que este tipo de mocións van moito a Pleno e, referíndose ao *Sr. Crespo* dixo que parecía que lle molestaba que se falara neste momento da AP-53, pero considera necesario buscar unha solución a este problema, xa que lastraba as oportunidades de Lalín e dos seus cidadáns.

Non dubidaba que o Partido Popular de Lalín apostaba pola rebaixa; pero o Pleno, sostivo, non debía de deixar de insistir ao Goberno do Estado para que aporte fondos e acceda a dita rebaixa.

Sorprendíalle como se rescataban a autoestradas de concesionarias ruinosas para as que se está a emitir débeda, como ás radiais; en cambio cando había unha necesidade real como, era a AP-53, non se estaba a ter en conta. Finalizou dicindo querer transmitirle a todos os grupos do Congreso e do Senado para que tomen en conta as necesidades de Lalín en relación a esta rebaixa.

O Sr. Alcalde deulle a quenda de palabra a *Concelleiro non adscrito*, D. Juan José Cruz García, pero nese momento non se atopaba no Pleno.

Dende o PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** iniciou a súa exposición referíndose á afirmación de “facíalo ti” que realizou o *Tenente de Alcalde* en relación á retransmisión dos plenos, que, recordoulle, se fixo a petición do seu grupo, e dixo non lle permitir, politicamente falando, leccións de transparencia cando agora que gobernan fan xusto o contrario do que dicían sendo oposición. Cando solicitaban documentación se queixaban se tardaban moito tempo en darlla, e agora eles facían o mesmo.

“O noso grupo, dixo, compramos o coche, pasamos a ITV e pagamos os impostos pertinentes dese coche; vostedes teñen que botarlle a gasolina, polo menos e consideran que iso é unha heroicidade”.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** tomou a palabra para indicarlle ao Sr. Secretario que o voceiro do PP non se estaba ceñindo ao punto da orde do día.

D. Xosé Crespo Iglesias recoñeceu que tiña razón, que non se estaba limitando a falar do punto, pero que, *D. Nicolás González Casares* tampouco o fixera no punto anterior.

Continuou dicindo que fixera o comentario das retransmisións, porque moita xente se queixaba de que non se entendían, nin se vían, nin se oían ben.

A isto respondeulle **D. Nicolás González Casares** afirmando que o *Sr. Secretario* facía as actas do Pleno coas retransmisións.

Contestoulle **D. Xosé Crespo Iglesias** para precisar que o *Sr. Secretario* tamén tomaba notas durante o Pleno, porque ás veces se producían discrepancias sobre a acta. Continuou dicindo que non cumprían as normas que se ditaron despois

de que tomaran posesión, como sucedía coa normativa de transparencia na que levaban dous anos de retraso.

Pedíulle o **Sr. Alcalde-Presidente** que se axustase ao punto. Díxolle que “facía os Plenos insoportables”.

D. Xosé Crespo Iglesias, ceñíndose ao debate do punto, salientou que o fin desta moción era enredar, pero o voto do seu grupo ía a ser a favor; non obstante lle indicou que non era forma de xestionar. “*Calquera día, lle van a pedir que veña a botar unha man a Donald Trump na AP-53*” dixo“.

Preguntoulle **D. Rafael Cuíña Aparicio** se a xestión era poñer pancartas na entrada da autoestrada, cando se está na oposición e non cando se está no goberno.

Contestoulle **D. Xosé Crespo Iglesias** dicindo que lle preguntaran ao BNG, xa que esta actuación a fixeron en conxunto co seu voto e tamén co voto en contra do PSOE.

Pedíulle respecto o Sr. Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, para a súa quenda de palabra e continuou dicindo que o BNG non gobernaba na Xunta de Galicia nin no Estado; era o PP quen estaba gobernando e esperaba que no futuro se puidera acometer esta rebaixa.

Coidaba **D. Nicolás González Casares** que o recollido na moción podía ser una emenda que o Sr. Crespo levase aos Orzamentos Xerais do Estado, porque o que pedían os lalinenses era que teña o compromiso político de facelo. O único que ofrecía era esa disposición. Coidaba que, como Presidente da Comisión de Infraestruturas de Fomento no Senado, tiña fío directo co Ministro; se conseguía a rebaixa, estarían moi agradecidos. Pedíulle que puxera os seus esforzos en conseguir esta rebaixa das peaxes, en vez do apeadeiro do AVE, algo que non lle pediron os lalinenses.

Para rematar, **D. Xosé Crespo Iglesias** salientou que a xestión era outra cousa distinta e para conseguir o obxectivo o camiño a seguir tamén outro. Continuou dicindo que era cousa do Goberno Central que lle pasara a competencia á Xunta de Galicia, algo que xa solicitaran por unanimidade había tempo, incluída a condonación dos 60.000.000 € que puxo o Ministerio, cousa que lastraba moito a petición.

Afirmou que estaba a traballar nese eido, intentando convencer ao Ministro de que negociase o traspaso da dita estrada á Xunta de Galicia, para que así esta poida aplicar medidas correctoras como as que estaban a aplicar nas autoestradas da súa propiedade. Había que conseguir a condonación dos 60.000.000 € e os intereses. Isto si que suporía unha rebaixa moi importante da peaxe e sería todo o que se pode conseguir.

Asegurou facer o seu traballo no Senado o mellor que sabía e seguiría nesa liña de intentar defender os intereses de todos, pero en especial os de Lalín; estaba a traballar en ambos temas e tamén no apeadeiro do AVE, porque cría nel, pero precisaba tempo para conseguir solucións.

Na súa quenda de palabra o *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García** non quixo intervir.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, nove (9) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito, **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:

O pasado 4 de abril o Ministro de Hacienda, *D. Cristóbal Montoro*, presentaba no Congreso o proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017. O documento recolle no seu tomo VII, sección 17, as subvencións do Goberno de España aos transportes por estrada, no que se sinalan autoestradas que ben se liberan por treitos de peaxe ou ben reducen as peaxes a través de subvencións directas ás concesionarias das vías. En total trátase de subvencións por un importe que supera os 31 millóns de euros.

A relación de vías beneficiadas por estas supresións ou rebaixas é a seguinte:

- Autoestrada AP-68, Bilbao-Zaragoza (Autopista Vasco-Aragonesa Concesionaria Española S.A.)
- Autoestrada AP-2, Zaragoza-Mediterráneo (Autopistas, Concesionaria Española S.A.)
- Autoestrada AP-7, Montmeló-La Jonquera (Autopistas, Concesionaria Española S.A.)
- Autoestrada AP-9, Ferrol-Fronteira Portuguesa (Autopista del Atlántico - Concesionaria Española S.A.)
- Autoestrada AP-66, León-Campomanes (Autopista Concesionaria Astur-Leonesa, S.A.)
- Autoestrada Madrid-Toledo (Concesionaria Española de Autopistas).
- AG-55 A Coruña- Carballo.

Como se desprende, nesa relación de vías non aparece a AP-53 entre Santiago e Alto de Santo Domingo, que a día de hoxe soporta unha das peaxes máis elevadas do territorio estatal, fundamentalmente no seu treito entre Santiago e Lalín, no cal un vehículo lixeiro ten que desembolsar 5,95 euros por un tramo de 43 quilómetros.

En moitas ocasións o Pleno do Concello de Lalín ten reclamado á Xunta de Galicia e ao Estado unha solución para a peaxe da AP-53, sendo un clamor unánime da sociedade lalinense a necesidade dunha rebaixa ou supresión do pago.

Existe tamén coincidencia entre os diferentes grupos políticos municipais, así mostrada en Pleno, na necesidade da transferencia da vía estatal, para que pase a ser dependente da Xunta de Galicia en condicións vantaxosas para a nosa administración autonómica. A espera pola tan ansiada transferencia non pode ser unha distracción que impida que se poñan en marcha outras medidas que contribúan a paliar a lesiva peaxe actual que dana a competitividade de Lalín e a comarca do Deza, mentres en outros territorios se teñen en conta as súas problemáticas particulares.

Á vista destas subvencións ás concesionarias contemplada nos Orzamentos de 2017, desde o Goberno de Lalín entendemos que é o momento de facer escoitar as

necesidades da nosa vila con respecto a este asunto ante o Goberno do Estado e ante os diferentes Grupos Políticos con representación nos parlamentos de Madrid e Santiago para que este clamor ante o abusivo prezo da peaxe da AP-53 sexa tido en conta na tramitación da Lei no Congreso e no Senado e acadar así unha solución temporal ata que se poida lograr unha solución definitiva.

En vista do exposto, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

1.- Reclamar ao Goberno de España que teña en conta os diferentes acordos xa trasladados ao Ministerio de Fomento en reiteradas ocasións por este Pleno, e dispoña unha subvención nos Orzamentos Xerais do Estado para 2017 que permita a rebaixa da AP-53 entre Lalín e Santiago.

2.- Comunicar aos grupos políticos das Cortes e do Senado (nomeadamente ao PP, En Marea, PSOE e C's) e a todos os grupos do Parlamento Galego (PP, En Marea, PSdeG-PSOE e BNG) a necesidade da rebaixa da peaxe da AP-53 entre Lalín e Santiago a través dos Orzamentos Xerais do Estado de 2017.

12.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA O CONTROL E ERRADICACIÓN DE ESPECIES INVASORAS NAS ÁREAS DA REDE NATURA 2000 DO CONCELLO DE LALÍN, NOMEADAMENTE DA ACACIA DE ALBATA (MIMOSA).

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 12 de abril de 2017, presentada por urxencia na *Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 24 de abril de 2017*. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao *ditame favorable de dita Comisión*.

Na defensa da moción, **D. Nicolás González Casares**, explicou que presentaban esta moción, porque a Xunta de Galicia estaba levando a cabo un Plan nesta dirección, e lles constaba que os concellos que mostrasen máis sensibilidade para este tipo de cuestións ían seren destinatarios de máis fondos.

Explicou que en determinadas áreas da Rede Natura do Candán e dos Sobreirais do Arnegado estaban aumentando as árbores invasoras, sobre todo as mimosas. A *Acacia dealbata* era unha especie invasora que fragmentaba as manchas de arboredo autóctono, e detectouse a finais de inverno que no Candán estaban a aparecer demasiadas manchas debido a que se expandía rapidamente. Xeneticamente era moi resistente, o que facía que se perdesa a riqueza do bosque de ribeira. Sinalou que, a día de hoxe, había 10 manchas en Lalín e estaban aumentando ano a ano. Comentou que no caso da Fraga de Catasós, a Xunta de Galicia si que levou a cabo un plan de erradicación hai 10 meses.

Finalizou indicando que a súa proposta era solicitar á Xunta de Galicia que erradiquen as mimosas nestas áreas e evitar a súa expansión, contando coa colaboración dos medios que lle sexan precisos por parte do Concello de Lalín.

O voceiro do PP, **D. Xosé Crespo Iglesias**, indicou que lle constaba que a Xunta de Galicia estaba intentando frear a expansión das mimosas; sen embargo consideraba que, unha simple carta da Concelleira Delegada de Medio Ambiente á Xunta de Galicia ía a ter o mesmo efecto que esta moción.

Continuou adiantando que despois deste acordo viría outra moción parecida. Criticou que fixeran demagogia co tema de medio ambiente, querendo erixirse en grandes defensores do mesmo e acusando ao goberno anterior de botar glisolfato, cando este foi o ano en que máis se botou nos xardíns. Tamén díxolles que non dixeran que estaban os xardíns municipais moi ben, cando estaban igual ou peor que antes, e que o glisolfato se utilizaba igual que sempre se utilizou. Finalizou dicindo que ían a darlle o apoio a estas mocións demagóxicas baleiras sen entraren ningún tipo de debate,.

Intervén a *Sra. Concelleira Delegada de Medio Ambiente, D^a Celia Alonso Caramés*, indicando que se utilizaban herbicidas selectivos.

De novo, *D. Xosé Crespo Iglesias* afirmou que podían facer as mocións que quixeran pero lles pediu responsabilidade e que na parte que lles tocaba se adicasen a xestionar, que estaba ben instar ás demais administracións, pero tamén o goberno tiña que facer a parte que lle tocaba ao Concello.

A isto *D. Nicolás González Casares* respondeu que o goberno interviña no que ten competencias, como era o caso do Pontiñas e do que puxo exemplos de invasoras que tiñan eliminado como era o bambú e a herba da Pampa.

Preguntou *D. Juan José Cruz García* se todo o que lle competía ao goberno municipal estaba feito e pediulles que eliminasen as espiñas da acacia invasora en Vilatuxe; invitounos a dar un paseo polo Pontiñas, xa que estaban defendendo o que non tiña defensa.

Preguntoulle *D. Nicolás González Casares* se se non lembraba como estaba o Pontiñas antes, nun estado de abandono que padecía que ata podía haber alí osos panda, precisando que hoxe as plantas volvían medrar; non obstante había que ter en conta que había fincas privadas nas que non se pode actuar.

De novo *D. Juan José Cruz García* pediulles un traballo serio. Indicou que era moi cómodo presentar unha moción sen facer nada máis, nin ter reunións, nin acometer estudos previos. Consideraba prioritario actuar na praia de Vilatuxe onde había una acacia con espiñas que era perigosa, máxime cando era unha zona moi concorrida de baño por moitos nenos e onde andaba a xente descalza. Continuou preguntando se se ía actuar tamén no Candán, e por qué non tamén en Carballeda. Quería saber onde foron os 5.000.000€ do Candán. En suma, pediulles que foran sensatos e serios, aínda que o seu voto ía ser favorable.

O Sr. Alcalde-Presidente, *D. Rafael Cuíña Aparicio*, deu por finalizado o debate para proceder á votación.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por UNANIMIDADE dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, nove (9) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito, APROBOUSE a moción do seguinte tenor:

A Lei 42/2007, do 13 de decembro de Patrimonio Natural e da Biodiversidade faCÍA referencia de xeito específico á prevención e control das especies exóticas invasoras. A partires desta Lei creouse o Catálogo Español de Especies Invasoras desenvolto no Decreto 630/2013 que define no seu preámbulo que:

“Las especies exóticas invasoras constituyen una de las principales causas de pérdida de biodiversidad en el mundo, circunstancia que se agrava en hábitats y ecosistemas especialmente vulnerables, como son las islas y las aguas continentales. La introducción de estas especies invasoras también puede ocasionar graves perjuicios a la economía, especialmente a la producción agrícola, ganadera y forestal, e incluso a la salud pública”

Recentemente aprobouse o Regulamento da UE 1143/2014, do 22 de outubro, sobre a prevención e a xestión de introdución e propagación de especies exóticas invasoras que establece as normas para evitar, reducir e mitigar os seus efectos adversos.

Por outra banda a Xunta de Galicia no Decreto 37/2014, no que se aproba o Plan Director da Rede Natura 2000 sinala no seu artigo 22, no punto 9, que:

“Evitarase a introdución e proliferación de especies, subespecies razas xeográficas ou organismos xeneticamente modificados, distintos dos autóctonos, na medida en que poidan competir con estas, alterar a súa pureza xenética ou provocar desequilibrios ecolóxicos sobre os hábitats naturais e seminaturais”.

Abunda nisto o artigo 46, relativo aos bosques en Rede Natura 2000, no seu apartado 3.B sobre actuacións que son susceptibles de xerar un estado de conservación favorable dos hábitats de interese comunitario, propoñendo: *“O establecemento de medidas de control e erradicación de especies invasoras presentes nos hábitats boscosos, minimizando a súa presenza tanto nas masas arboladas como nos bordes”.*

Unha das especies invasoras recollidas nese catálogo e sinalada como un problema por todas as normativas e lexislacións vixentes é a *acacia dealbata*, coñecida polo nome común de mimosa. A plantación de dita especie está prohibida en Galicia e a súa erradicación é unha prioridade na loita pola biodiversidade no noso medio natural. A capacidade invasora da mimosa é ben coñecida e a educación sobre os problemas potencias que pode causar no noso medio ambiente deberá estenderse a toda a poboación.

Nos últimos anos tense detectado un aumento das manchas de *acacia dealbata* nas masas boscosas do noso Concello que están integradas na Rede Natura 2000, tanto no medio das masas como nos seus bordes ou en proximidade dos canles fluviais. A mimosa é moito mais perceptíbel no bosque durante a súa floración previa ao inicio da primavera polo que esas manchas fanse mais visibles na paisaxe e permiten a súa identificación. Particularmente na zona de Rede Natura da Serra do Candán tense detectado a presenza dunha cantidade aproximada a decena de colonias de *acacia dealbata*, presenza que aumenta significativamente ano tras ano. Tamén se detectan exemplares nalgún punto dos Sobreirais do Arnego pertencentes ao territorio de Lalín pero de xeito menos significativo.

Desde o Goberno de Lalín apláudese que a Xunta de Galicia ano tras ano poña en marcha medidas de control das especies invasoras; non obstante detectamos que non se está facendo un control desta especie sinalada nos bosques do Candán e se estima que é unha prioridade que xa está recoñecida polos mesmos axentes forestais da zona.

O Concello de Lalín ven de facer nestes últimos anos un esforzo no control e erradicación de invasoras nas súas áreas de competencia, fundamentalmente nos parques e xardíns e concretamente no entorno do Paseo do Pontiñas, onde foron erradicadas importantes extensións de bambú chinés (*fallopia japónica*) e de herba da pampa (*cortaderia selloana*), traballos que continuarán ao longo deste ano.

A Rede Natura 2000 non é de competencia municipal para estas actuacións e a erradicación de invasoras deste tipo precisa dunha intervención especializada que non pode afrontar o noso Concello por falta de medios propios, polo que a axuda decidida da Xunta na erradicación da *acacia dealbata* nos montes lalinenses que contan con esta figura de protección é unha necesidade que debe ser tomada en conta nos plans de erradicación de especies invasoras da Xunta de Galicia.

En vista do exposto, o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

1.- Instar á Xunta de Galicia a actuar na erradicación das masas de *acacia dealbata* existentes na Serra do Candán contando coa colaboración dos medios que lle sexan precisos por parte do Concello de Lalín.

2.- Instaurar medidas de control da *acacia dealbata* nos Sobreirais do Arnego, contando coa colaboración dos medios que lle sexan precisos por parte do Concello de Lalín

13.- EXPEDIENTE 938/2017. MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA RETIRAR O TÍTULO DE FILLO ADOPTIVO DE LALÍN A FRANCISCO FRANCO.

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 18 de abril de 2017, presentada na oficina auxiliar de Rexistro do Pleno o día 19 de abril de 2017 co número 5. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao *ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 24 de abril de 2017.*

Comezou a súa exposición, a *Concelleira Delegada de Cultura, D^a Lara Rodríguez Peña* dicindo que non ía a entrar en ningún tipo de debate ridículo e oligofrénico como ocorrera nas Comisións Informativas. Continuou dicindo que Francisco Franco fora nomeado fillo adoptivo do Concello de Lalín no ano 1937, e que o máis lóxico e democrático era retirar dito título a un ditador.

Tamén se van a valorar retirar eses títulos a outros personaxes vinculados ao franquismo como foron *Ramón Encinas* ao que lle foi concedida a Folla de Carballo de ouro e nomeado fillo adoptivo do Concello.

Indicou, que o Pleno do Concello de Lalín en xullo de 2016, aprobou unha moción do Grupo de Goberno sobre a recuperación da memoria histórica e condena da ditadura

franquista, polo que se acordaba eliminar, suprimir ou anular os acordos, distincións e símbolos que reflectiran a adhesión e colaboración da institución coa ditadura. Considérase necesario, lexítimo e democrático eliminar o título de fillo adoptivo do Concello a *Francisco Franco*.

Polo PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** preguntoulle á Concelleira a quen se lle había dado a Folla de Carballo.

Dª Lara Rodríguez Peña aclaroulle que a Folla de Carballo de Ouro lle fora concedida a un Gobernador Civil de Pontevedra. Afirmou que este tipo de mocións, que ao grupo popular lle parecían ridículas, tiñan que ir ao Pleno e poder así retirar estas distincións.

De novo, o voceiro do grupo popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** sinalou que ían a votar a favor desta moción, pero que “dentro da súa brillante xestión” esta edil non fixo nada o *Día do Libro*. Recoñeceu non saber que Franco fora fillo adoptivo do Concello e continuou dicindo que se traen una moción para a retirada da Folla de Carballo outorgada a *Ramón Encina* nos anos 70, tamén votarían a favor. Volveu a insistir en que Lalín fora o único Concello de máis de 20.000 habitantes de toda España no que non se celebrou ningún acto polo *Día do Libro*, polo que lle pediu máis esforzos na súa xestión, dicíndolle: “*dedíquelle a Franco un 70 % e ao resto un 30 % polo menos*”.

Na súa quenda de palabra o *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García** non quixo pronunciarse.

Respondeu **Dª Lara Rodríguez Peña** que adicar un día a determinadas cousas parecía absurdo, e que se estaban a facer dende a Concellería de Cultura moitas actividades relacionadas coa lectura todos os meses.

Contestoulle **D. Xosé Crespo Iglesias** que con esta argumentación o día principal da Feira do Cocido non o deberían celebrar, porque xa había cocido todo o ano.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** indicou que había un evidente intento de desviar o tema. Sinalou que se enterou por **Dª Lara Rodríguez Peña** que *Franco* era fillo adoptivo do Concello de Lalín, e coidaba que todos estaban de acordo en quitarlle esta distinción a un golpista sanguinario como foi *Franco*. Sinalou estar moi contento co traballo que facía a *Sra. Concelleira de Cultura* e as actividades que estaba organizando. Continuou eloxiando, un a un, aos membros do seu goberno polo seu alto nivel de traballo e polas horas de traballo que lle adican ao concello despois de ter que realizar cadanseu traballo habitual fora do mesmo.

Estas declaracións provocaron comentarios contrarios nos *Sres./as Concelleiros/as* da oposición, dicíndolle ao Sr. Alcalde-Presidente que eles tamén tiñan ese alto nivel de traballo.

Nese intre, sendo as 10:35 horas o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** chamou á orde por primeira vez a *D. José Antonio Varela Quintela* por non lle respectar a súa quenda de palabra.

Continuou dicindo, **D. Rafael Cuiña Aparicio** non entender por qué se poñían así os *Sr. Concelleiros* da oposición, xa que estaba a falar dos membros do seu goberno, que non estaba a dicir nada deles porque descoñecía os seus traballos.

Ás 10:38 horas pediu a palabra o *Sr. Secretario* para indicar que os edís coñecían que tivo que elaborar un informe en relación coa expulsión dun concelleiro. Nesta sesión se estaban a tratar temas alleos á orde do día continuamente. Sinaloulles que ao final da sesión, no punto de Rogos e Preguntas, poderían falar e preguntar o que consideraran oportuno; agora tiñan que ceñirse ao punto da orde do día que estaban a tratar, e repetiu que ao final no punto de Rogos e Preguntas poderían facelo; se non cambiaban as intervencións, íalle ser imposible poder elaborar a acta.

O *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz** dixo:“ese detallíño no informe víriame moi ben”.

Indicoulle **D. Rafael Cuiña Aparicio** que ese informe dicía que non houbo ningunha irregularidade e que a súa expulsión foi máis que merecida; non é un, eran xa tres informes.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por UNANIMIDADE dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, nove (9) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito, APROBOUSE a moción do seguinte tenor:

Logo da sublevación militar do 18 de xullo de 1936, na sesión extraordinaria da Corporación municipal de Lalín do 9 de xaneiro de 1937 tomáronse unha serie de acordos para homenaxear ás autoridades e heroes da sublevación. A Corporación decidiu unanimemente adherirse a unha proposta do Concello de Teruel que nomeaba o xeneral golpista Francisco Franco como fillo adoptivo do Concello de Lalín. Este é o texto do acordo:

Se da lectura al acuerdo tomado por la Permanente, en sesión de 28 de Diciembre último, estimando como un deber patriótico y de justicia declarar al Generalísimo y jefe de Gobierno del Estado Excmo. Sr. D. Francisco Franco Bahamonde hijo adoptivo de este Ayuntamiento de Lalín y predilecto de España, siguiendo la iniciativa del Ayuntamiento de Teruel, pero para que tenga este acuerdo de la Permanente toda la significación que le corresponde se propuso en la indicada sesión se diese cuenta al Pleno en la primera sesión al objeto de su confirmación por éste; y por unanimidad se acuerda confirmar en todas sus partes el acuerdo de la permanente en la sesión indicada y que así se tenga como acuerdo tomado por el Pleno a todos los efectos.

A día de hoxe é unha anomalía democrática que este nomeamento non fose retirado.

Por outra parte, o Pleno do Concello de Lalín aprobou na sesión extraordinaria

do 21 de xullo de 2016 unha moción do Grupo de Goberno sobre a recuperación da memoria histórica e condena da ditadura franquista. Nesta moción, a corporación municipal de Lalín acordaba condenar o golpe de Estado do 18 de xullo de 1936 e afirmaba o seu compromiso cos valores democráticos e a condena da ditadura franquista.

No punto 4 da moción expresábase o acordo da corporación para “Eliminar, suprimir ou anular os acordos, distincións e símbolos que reflectan a adhesión e colaboración da institución coa Ditadura”.

Por todo o antedito, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Retirar o nomeamento de *Francisco Franco* como fillo adoptivo do Concello de Lalín.

14.- COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE APROBADA NA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 31/03/2017.

Deuse conta pola Presidencia deste expediente. De seguido o Sr. Secretario indicou que a mesma se producía tras o acordo plenario da sesión de 31 de marzo de 2017 tras a moción do PP.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** deulle a quenda de palabra ao Partido Popular.

Dende o PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** dirixiuse ao *Sr. Secretario* indicando que as comparecencias estaban perfectamente reguladas. O comparecente tiña que dar unha explicación do que lle foi solicitado, neste caso polo grupo popular, e despois era o grupo popular faría a rolda de preguntas.

O *Sr. Secretario* indicoulle ao *Sr. Alcalde* que fixera unha breve exposición do tema e logo se faría a rolda de preguntas.

Comezou a comparecencia o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** que de xeito literal, dixo:

“Evidentemente, vostedes piden esta comparecencia polo que vin, porque afecta a varias concellerías, a ningún tema da miña competencia, pero aínda así, quero dicir que non vou facer ningún tipo de exposición sobre este tema porque, a verdade é que non teño demasiado coñecemento. É certo, non é da miña competencia, insisto, nin anduven eu con estes temas. Iso si, teño aquí unha serie de datos que ao mellor poden contestar a algunhas preguntas concretas de vostedes. É o que lles poden dicir. É por iso lle dixen que empezaran coas preguntas, porque unhas as contestarei e outras non, porque seguramente non as coñezo. Se durante esta comparecencia podemos desvialas a algún concelleiro en concreto para que as conteste e saber o tema, pois abrirei esa posibilidade, porque entendo que o que se quere coñecer era a realidade das cousas, aínda que se intente facer un patético intento de desgaste político. E tamén é lexítimo. É o que teño que dicir a este respecto, e contestar as súas preguntas con moito gusto, evidentemente.”

Tras a súa intervención, o *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio* indicou que se podía comezar coa rolda de preguntas.

Comezou preguntando **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** facendo referencia a que o seu grupo comezou a solicitar documentación sobre este tema o 29 de decembro de 2016, e despois de cinco solicitudes rexistradas e de que por acordo do Pleno se lle instara ao Goberno a que lle facilitaran a relación de pistas nas que empregaron o fresado da Rolda Leste, seguían sen tela.

Dixo non saber cal ía ser a súa postura e cal era o motivo de que non se lles fixera entrega desa documentación. *¿Xa saben onde botaron o fresado?. ¿Ou é que o Sr. Medela Dobarro non toma nota de onde o botou?*, preguntou. Porque a día de hoxe dixo non ter eses datos.

O *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio* respondeu que “si” e se quería que llo dicía.

Salientou **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** que xa as tiñan que ter, porque lles autorizou para darlles esa información o día anterior e logo non estaba á súa disposición a mesma.

Volveulle preguntar **D. Rafael Cuíña Aparicio** se quería que llas dixera.

Volveulle responder **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** que “non”, que xa llas daría despois.

Tras insistirle de novo, o *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio* procedeu a enumerar a relación de pistas nas que se utilizou o fresado da Rolda Leste, segundo os datos que lle facilitaron, dixo. Foron estas: unha na parroquia de A Veiga, outra na parroquia de Moneixas, outra no lugar de Porto (parroquia de Botos), o a do cemiterio da parroquia de Vilatuxe.

Preguntoulle **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** se só eran esas as pistas nas que se utilizara este fresado, porque el sabía dalgunha máis.

Respondeu **D. Rafael Cuíña Aparicio** que eses eran os datos que lle pasaran.

Dixo crer que o estaban enganando con eses datos **D. Antonio Rodríguez Rodríguez**, e que lle ía dicir por escrito onde máis se botaron e xa mirarían se era público ou privado. Reiterou que ante a tardanza en facilitarlle ese listado, deberían darllo completo.

Insistiu **D. Rafael Cuíña Aparicio** de novo en que era o que lle facilitaron.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez preguntou se ían a seguir incumprindo a normativa de Medio Ambiente.

Respondeulle **D. Rafael Cuíña Aparicio** que este goberno tiña toda a intención de cumprir coa normativa de Medio Ambiente.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez dixo que cría que non a estaban cumprindo.

D. Rafael Cuíña Aparicio dixo que, segundo lle trasladaban os Sres. *Concelleiros*, si se estaba cumprindo e que lle dixo a *Sra. Concelleira de Medio Ambiente* que a lei era de 2008.

Seguiu insistindo **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** en que non se cumpría coa Ordenanza que aprobaron no Pleno.

Repetiu **D. Rafael Cuíña Aparicio** que segundo lle trasladaron os Sres. *Concelleiros* competentes no tema, si a estaban a cumprir. Díxolle que tiveron a posibilidade de que comparecera calquera concelleiro que soubera máis do tema, pero quixeron só a súa comparecencia.

De novo **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** preguntoulle: *¿como lle din aos cidadáns que cumpran coa ordenanza, cando dende o Concello non se estaba a cumprir?*

Insistiu **D. Rafael Cuíña Aparicio** en que segundo lle trasladaron os concelleiros si se estaba cumprindo e manifestou que: "a circunstancia cambiante que pon enriba da mesa, polo que a min me trasladan, non se corresponde coa realidade".

Preguntoulle **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** se coñecía a normativa sobre residuos municipal e autonómica.

A isto o *Sr. Alcalde-Presidente* lle respondeu que non.

Continuou preguntando **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** se sabía o que dicía a ordenanza que aprobou o seu goberno e que dende o PP lle dixeron que non ían cumprir. Ante a resposta negativa so *Sr. Alcalde* o *Concelleiro Popular* procedeu a dar lectura dun artigo da ordenanza en relación á xestión dos residuos de construción e demolición.

Díxolle **D. Rafael Cuíña Aparicio** que debía de ter percepcións sensoriais que lle lembraban a temas do pasado, porque probablemente eles facían este tipo de cousas. Continuou dicindo que a *Sra. Concelleira de Medio Ambiente* lle comunicou que a empresa xestora de residuos levou as cantidades máis contaminantes para mesturar con outros reutilizables en estradas e conformar así un novo produto.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez dixo que esas toneladas inxentes de material que sacaron da Rolda Leste, que pola parte de abaixo chegaba ata o segundo piso dun edificio, xa adiantaban que non se cumpriu a ordenanza de Medio Ambiente nin coa normativa autonómica.

Seguiu a ler parte do informe do Técnico Municipal de Medio Ambiente no que se sinalaba que era preciso contar con autorización da Xunta de Galicia para reutilizar ese tipo de residuos e preguntou se contaban con dita autorización.

Sinalou **D. Rafael Cuíña Aparicio** que a *Sra. Concelleira de Medio Ambiente* lle indicou que a propia empresa xa era xestora de residuos.

Preguntou **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** que entón por que non lle

facilitaron esa documentación se xa a tiñan no seu día, porque se autorizou acceder á mesma por cinco veces.

Dixo **D. Rafael Cuíña Aparicio** que non sabía nada, pero que non tiña ningún problema en darlla. Admitiu que non era responsable nesta materia.

Replicoulle **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** que si era responsable de facilitarlle o acceso a esa documentación que tiñan concedida.

Respondeulle **D. Rafael Cuíña Aparicio**, que el nunca lle denegou esa documentación. Seguidamente procedeu a dar lectura á análise que se encargou a *Indross laboratorio* que consideraba importante para demostrar que esta actuación non tivo ningún tipo de risco, xa que a análise dicía que tiña baixos contidos de PH e ausencia de vetex.

Preguntoulle **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** pola data dese informe.

Contestoulle **D. Rafael Cuíña Aparicio** que tiña data de 30 de marzo de 2017.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez indicoulle que esa data era errónea, porque lle preguntaba pola data do resultado do informe. Esa data aludida era a da recepción no laboratorio e indicoulle que seguise lendo, xa que a data de finalización era do día 12 de abril. Preguntou: *¿Cando se arranxaron as pistas?*.

D. Rafael Cuíña Aparicio afirmou non ter esas datas e insistiu en que non sabía da materia, porque non tiña competencia. Díxolle: *¿por qué non lle preguntaba aos concelleiros competentes?*.

Salientou **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** que non se podía escudar nun informe e despois dicir que non sabía nada.

Reiterou **D. Rafael Cuíña Aparicio** que non tiña competencias na materia, que non tiña coñecemento do tema e que non tiña pensado inventar nada para non meter a pata; engadiu que de facerse algo mal, non era responsabilidade súa, porque non era competente.

Repetiu **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** que algo deberon de facer mal.

De novo **D. Rafael Cuíña Aparicio** reiterou que non sabía nada.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez preguntou se sabía o que dicía ese informe. Díxolles que eran uns irresponsables e que procederon a distribuír un produto sen análises e sen autorización da Xunta de Galicia.

D. Rafael Cuíña Aparicio dixo que lle ía a responder a *Sra. Concelleira de Medio Ambiente*.

“A comparencia era súa”, replicoulle **D. Antonio Rodríguez Rodríguez**.

Indicou **D. Celia Alonso Caramés**, concelleira de medio ambiente, que había

un director de obra e que a empresa era xestora de residuos, os cales lle indicaron que eses residuos eran totalmente reutilizables, e non o puxeron en dúbida; non obstante, ante a insistencia do PP e polas dúbidas que plantexaron, o que se fixo foi analizar os restos que se acumulaban e confirmaron que non tiñan alquitrán; polo tanto podían ser reutilizables. Os técnicos e as empresas agora e antes sabían que tiñan que cumprir a lei dende o 2008, e que o goberno anterior a cumpría igual que facía o actual.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez insistiu en que incumpriron a ordenanza que eles mesmos aprobaron.

Afirmou **D. Celia Alonso Caramés** que a lei da Xunta de Galicia había que cumprila e que estaba por encima de calquera Ordenanza Municipal.

Pola súa parte, **D. Rafael Cuíña Aparicio** indicou que algún técnico lles dixo que: *“eses análises estaban gardados ao lado de onde os gardaban vostedes”*.

Insistiu **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** en que, se estaba todo ben, *¿porque non lle deron a relación de pistas e tiveron que esperar cinco meses?*. Pediulles que non lle botaran a culpa aos técnicos xa que eles facían o que lles mandaban. A ordenanza de Medio Ambiente foi aprobada por este goberno, e “os responsables eran vostedes, rematou”.

Reiterou **D. Rafael Cuíña Aparicio** se había máis preguntas.

Si que tiña máis preguntas. **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** salientou que agora empezaban a poñer en marcha algunha das medidas que se lle indicaron no seu día. Preguntou se lles entrara mala conciencia por este tema.

Outra vez **D. Rafael Cuíña Aparicio** pediulles se había máis preguntas, e dixo que sabía que lle intentaba provocar, pero que xogaban en distintas ligas e non ía a entrar en provocacións.

De seguido, **D. Rafael Cuíña Aparicio** e **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** enzarzáronse nunha discusión sobre temas persoais.

Tras a discusión, **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** preguntou: *¿que tiñan previsto facer cos residuos de construción e demolición?*.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** deulle a palabra á Sra. Concelleira de Medio Ambiente.

Dª Celia Alonso Caramés indicou que pasaron un tempo en facer as análises. Lembrou que había unha empresa e un director de obra que eran os que sabían de todo isto. Había albarás do material entregado. Querían cumprir coa norma e coa ordenanza. Para isto había un tempo.

Preguntou de novo **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** se recoñecía que se saltaron a norma.

D^a. Celia Alonso Caramés indicou que a empresa debía coñecer a lei e a ordenanza. Indicou que o edil non podía acusarlles de facer o mesmo.

Quixo concluír **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** solicitándolle ao goberno que cumpriran a ordenanza e que lle facilitaran a relación de pistas nas que se empregou o material. Eles fixeron xestións sobre este tema.

Na súa quenda de palabra o *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García** non quixo pronunciarse

Deste xeito deuse por rematada a comparecencia.

15.- EXPEDIENTE 927/2017. MOCIÓN DO PP SOLICITANDO A COMPARECENCIA DA CONCELLEIRA CELIA ALONSO EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A CELEBRACIÓN DO “COCIDO DO ORGULLO”.

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 17 de abril de 2017, presentada na oficina auxiliar de Rexistro do Pleno o día 19 de abril de 2017 co número 4. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao *ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 24 de abril de 2017*.

Defendendo a moción, **D. José Antonio Varela Quintela** explicou a parte expositiva da mesma e indicou que a presentaban para solicitarlle á Sra. Concelleira, **D^a Celia Alonso Caramés** que comparecese ante o Pleno e dera as explicacións que considerase oportunas, para aclarar o que cualificaban unha gran “chapuza”, froito dunha nefasta xestión, aínda que crían que foi por erro.

Sostivo **D^a Celia Alonso Caramés** que ela quixo dar sempre explicacións de todo o seu traballo no Concello, para ben e para mal, e aclarou que non se solicitara ningún tipo de explicación á súa Concellería. Afirmou estar encantada de dar todo tipo de explicacións e que se puña a disposición de todo o mundo para dar as explicacións necesarias. Indicou que se estaba a falar dun erro de 600 €; “*coa que está caendo*”, engadiu.

Replicoulle **D. José Antonio Varela Quintela** que non deixe caer, “*coa que esta caendo*”, e indicou que un día antes **D. Nicolás González Casares** fixo una afirmación de que non era un erro; postura que estaba recoñecida por vostede.

O *Concelleiro Delegado de Obras no casco urbano*, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** indicou que o que tiña feito o PP durante este último mes fora unha indecencia en termos políticos. Leu titulares de prensa nos que o grupo popular dubidaba de que fora un erro.

Dixo que en política non todo valía e que carecían de toda ética, querendo converter unha simple anécdota nun problema político.

O que se produciu foi un erro que se subsanou. Na vontade fiscalizadora do grupo popular, que era ao que se teñen que adicar, pedíanse explicacións; por iso mesmo, tamén se lles podería pedir explicacións por outros temas que non atoparon aínda en Intervención.

Reprochoulles que a cuestión dunha factura, que en ningún momento tivo outro problema que o de ser un erro administrativo, o quixeron converter noutra cousa.

Na súa quenda de palabra o *Concelleiro non adscrito*, **D. Juan José Cruz García**, non quixo intervir.

De novo, **D. José Antonio Varela Quintela** respondeulle que: *“quen o vería sendo oposición se o grupo popular fixera isto”*. Deberan dar explicacións porque este tema quen o denunciou nos medios foi o grupo popular; pero incidiu novamente en que na xestión eran nefastos e que aínda que non dubidaba que se se trataba dun erro; pero preguntou como se conformou a factura sen comprobala.

Dixo asumir o seu erro **D^a Celia Alonso Caramés**, pero que calquera podía errar.

Para rematar **D. Rafael Cuiña Aparicio** destacou que publicamente o persoal de Intervención expresou que nin co goberno anterior nin con este goberno se pasaran nunca facturas falsas. Finalizou dicindo que había que ter coidado coa terminoloxía que se utilizaba porque alguén cercano ao grupo popular falaba de *“a factura falsa do cocido gay”*.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por UNANIMIDADE dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, nove (9) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito, APROBOUSE a moción do seguinte tenor:

O pasado 14 de marzo de 2017, a Xunta de Goberno do Concello de Lalín aprobaba a solicitude dunha achega á Deputación de Pontevedra para sufragar unha serie de accións e iniciativas con cargo a Liña 2 do Plan Concellos 2017 –destinada a Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes-. Entre as accións que se propuñan sufragar figuraba a celebración do *“Cocido do orgullo de Lalín”* cunha cantidade de 42.743,02 euros.

Aínda que na devandita acta non figuraban detalles concretos, relativos a cales serían as partidas que se sufragarían con esa cantidade, si se concretaron con posterioridade no expediente que o grupo de goberno entregou á oposición con motivo do punto 3 do pleno ordinario do mes de marzo, *“Dación de conta das solicitudes de subvencións realizadas á Deputación de Pontevedra ao abeiro do Plan de Obras e servizos (Plan Concellos) 2017”*. No expediente entregado, figuraban no apartado do *“Cocido do orgullo de Lalín”*, dúas partidas case *“xemelgas”*, por debaixo dos 18.000 euros que obrigarían á contratación por procedemento aberto. Unha das partidas dedicada á produción e contratación loxística e outra á contratación artística.

Con data 24 de marzo de 2017, o Alcalde asinaba un decreto –ao que a oposición accedía nos días previos ao pleno- polo cal se contrataba a Urdime S. Cop Galega como *“representante”* dunha serie de grupos, entre os que estaba o grupo *“As Supremas”*, que no expediente entregado ca documentación do pleno contaba cunha

cantidade asignada de 600 euros dos 17.455 euros dedicados á contratación artística.

O propio venres, día 24 de marzo, o mesmo día do que ten data ese decreto, comezaban os actos de rúa do Cocido do Orgullo que se desenvolveron tamén os días 25 e 26 de marzo. Uns actos nos que non tomou parte unha das formacións, As Supremas, que si estaba contemplada tanto no decreto asinado polo Alcalde, como no expediente que se entregou a oposición trala celebración dos eventos do Cocido do Orgullo, o día 29 de marzo, cunha consignación orzamentaria de 600 euros.

O día 31 de marzo dábase conta deste expediente ao Pleno sen que se producira, por parte do goberno, ningunha rectificación, aclaración ou salvidade relativo a que se rexistraran cambios nin ausencias no plantel de artistas que conformaban o evento.

O día 3 de abril de 2017, segundo os feitos recoñecidos na prensa pola propia concelleira, a Xunta de Goberno Local aprobaba o pagamento da factura, conformada por ela mesma con anterioridade, para que se acometera o abono á empresa URDIME da factura na que se incluía a actuación do grupo Las Supremas. Un acción de aprobación da factura que, curiosamente, non aparece recollida en ningunha parte da acta da Xunta de Goberno do día 3 de abril, aparecendo si a aprobación da factura “xemelga” á empresa Xescultura pola parte de produción e loxística do evento. Un acta de Xunta de Goberno, na que, curiosamente e por primeira vez neste mandato, non aparece como asistente a máxima responsable da parte económica municipal, a Interventora ou, no seu defecto, persoal accidental que a supla.

O día 5 de abril, a raíz das queixas contra a organización do evento presentadas polo grupo de artistas de As Supremas nas redes sociais e das informacións aparecidas en prensa, a Concelleira responsable da organización do evento inicia a tramitación para a anulación da devandita factura aprobada xa pola propia Xunta de Goberno, como declarou nos medios de comunicación, e toda vez que a irregularidade da factura conformada e aprobada polo goberno era xa pública.

Á gravidade do ocorrido, froito do descontrol na xestión política do goberno municipal, cunha factura que só se detecta como irregular e con conceptos falsos a raíz das queixas nas redes sociais e na prensa, e despois de ter sido conformada e aprobada, pon de manifesto o xeito de traballar do equipo de *Rafael Cuiña* e dun goberno cuatripartito.

Así as cousas, e vendo a necesidade de que se ofrezan explicacións claras e concretas do ocorrido coa facturación deste evento e sobre diversas acusacións de gravidade formuladas polos compoñentes do propio grupo implicado, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Aprobar a comparecencia na vindeira sesión do Pleno deste Concello da Concelleira Delegada de Igualdade, **D^a. Celia Alonso Caramés**, para explicar todo o relativo á contratación e facturación do Cocido do Orgullo celebrado a finais do mes de marzo de 2017.

16.- EXPEDIENTE 936/2017. MOCIÓN DO PP RELATIVA Á EXPOSICIÓN DAS PEZAS DO CASTRIÑO DE BENDOIRO NO PAZO DE LIÑARES.

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 18 de abril de 2017, presentada na oficina auxiliar de Rexistro do Pleno o día 19 de abril de 2017 co número 6. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao *ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 24 de abril de 2017*.

Por parte do grupo propoñente, o PP, **D. José Antonio Rodríguez Fernández** comezou intervir pedindo desculpas ao Sr. *Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio*, por intervir sen terlle dado a quenda de palabra. Continuou indicando que na parte expositiva da moción xustificaban o feito de presentala por estar o Centro Castrexo de Liñares, recibindo pezas arqueolóxicas de distintos xacementos e que facía uns meses se inauguraba unha exposición de pezas deste tipo na que se botou en falta algún achádego do Castriño de Bendoiro.

Dixo non facer falla defender a potencialidade deste Castro, estando considerado un dos máis singulares que había, contando con dúas coroas, sendo un recurso natural e turístico, con potencial para poñer en valor.

Indicou que se solicitaba a todas as administracións que tiñan que ver co traballo de excavación e catalogación destas pezas para a súa exposición no Pazo de Liñares; ademais, a proximidade dos dous castros e do Pazo permitiría realizar actividades a nivel didáctico, roteiros, e mesmo se podería levar a cabo unha aula aproveitando os recursos da Comarca.

O Sr. *Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio* deulle a palabra ao Concelleiro non adscrito, *D. Juan José Cruz García*, o cal non quixo intervir.

Desde o grupo de goberno adiantou **D^a Lara Rodríguez Peña** que ían a votar a favor da moción; non obstante xurdían unha serie de dúbidas en relación á mesma. Así indicou que na parte expositiva se dicía que se podería pedir unha copia ao ADIF dos estudos derivados desta excavación arqueolóxica, pero non constaba isto na parte das propostas. Preguntou se se entendía que non se solicitaba.

Respondeulle **D. José Antonio Rodríguez Fernández** que non tiña inconveniente en incluír isto como emenda, se así o querían; pero aclarou que non o incluíron nas peticións porque consideraban que a solicitude da mesma se debía de facer dende o goberno. Continuou dicindo que na parte expositiva tamén se falaba do arquivo Municipal e preguntoulle á Concelleira de Cultura, como responsable da Biblioteca, se no caso de pedilos, se poderían expor tamén na biblioteca para facelos máis accesibles. Insistiu en que o feito de non metelo nas propostas foi porque o máis interesado neles era *Antonio Presas* e xa os tiña para o seu estudio.

Continuou dicindo **D^a Lara Rodríguez Peña** que simplemente era unha dúbida que tiña, pensando que se esqueceran de incluílo nas propostas. En todo caso, era interesante que o Concello puidera contar con todo o material que se puidera conseguir.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por UNANIMIDADE dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG,

nove (9) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito, **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:

O Castriño de Bendoiro, en palabras dun dos maiores estudosos da cultura castrexa da nosa comarca, o profesor Antonio Presas, é un dos castros máis singulares do Concello de Lalín e, probablemente, de Galicia, polas súas particulares características e pola súa proximidade ao castro de Bendoiro –situado a menos de 100 metros ao noroeste do primeiro-, que os convertería nun caso case único de castro dobre. Nos propios paneis informativos que hai ubicados no entorno, reflíctese que castriño e castro de Bendoiro serían un único asentamento, delimitados por un sistema complexo de foxos, que compartiría lugares e espazos comúns, pese a ter dúas zonas diferenciadas de vivendas.

Situado na parroquia de San Miguel de Bendoiro, atópase encravado no lugar de Vilasoa e tería unha datación temporal de entre os séculos IV e I antes de Cristo. Ao estar situado na traza que se deseñou para o paso do Tren de Alta Velocidade no Eixo Santiago-Ourense, foi obxecto entre os anos 2006 e 2008 de traballos arqueolóxicos que incluíron a excavación da parte meridional do parapeto visible.

Nestes traballos, acometidos polo equipo dirixido pola arqueóloga Pilar Fernández Pintos, obtivéronse numerosos materiais e achádegos –nun número cercano ás 30.000 pezas ou fragmentos- que acreditarían a riqueza deste xacemento. Entre as pezas atopadas e catalogadas figurarían como unha das máis senlleiras, un anel de ouro recuperado nunha das tumbas do entorno e un brazaete de bronce.

Dende o remate dos traballos de excavación, o equipo de traballo de Pilar Fernández Pintos realizou a ardua tarefa de catalogación da parte máis representativa dos distintos achádegos para o seu estudo, catalogación, conservación e posterior musealización desas pezas extraídas. Ao tempo, preparou a memoria da intervención, a acta do proxecto e o estudo da construción castrexa, unha documentación interesante para coñecer unha parte importante e singular da nosa historia.

Pouco tempo despois do remate das excavacións, coincidindo cos traballos de construción da traza do tren, colocáronse no entorno do Castriño de Bendoiro unha serie de paneis informativos aclaratorios e explicativos das características do castro, fotografías dos achádegos máis destacados e diversas informacións relativas ao que foi ese enclave castrexo. Unha valorización que permite visitar o entorno do castriño e coñecer en detalle o que foi a historia desa zona.

No ano 2013, o goberno de Lalín solicitou información da Dirección Xeral de Patrimonio para coñecer o estado dos traballos de catalogación das pezas e de estudo do castro, aclarándose por parte do departamento da Xunta de Galicia que aínda estaban as pezas en proceso de estudo, clasificación e conservación e que unha vez estivera rematado o proceso do mesmo sería trasladados ao Museo de Pontevedra.

Ao ano seguinte, en 2014, o goberno popular de Lalín anunciou a súa intención de que, unha vez catalogadas, as pezas achadas no Castriño de Bendoiro puidesen exporse no Centro de Xestión da Cultura Arqueolóxica do Pazo de Liñares. Con motivo

dese anuncio, ADIF e a propia responsable da excavación, Fernández Pintos, confirmaban que os achádegos extraídos na excavación do castriño seguían en proceso de catalogación, argumentando daquela que a súa clasificación e estudo levaría anos, aínda que estaba próxima a rematar a catalogación dos elementos líticos extraídos, uns 300. O estudo das pezas metálicas –puntas de flecha, brazaletes, aneis, etc- ocupaban máis tempo pola necesidade de estudar os debuxos e fotos para comparalos e facer un estudo rigoroso dos mesmos.

Tres anos despois daquela petición, que quedou pendente ao estar os materiais en estudo, cobra hoxe en día aínda máis vixencia ao estar xa aberto e en funcionamento do Centro Castrexo de Liñares que podía ser o acubillo perfecto para as pezas que no seu día se fabricaron e utilizaron a apenas uns centos de metros deste museo castrexo.

Ademais da catalogación dos materiais, sería interesante que o arquivo municipal puidese contar nos seus fondos cos estudos derivados desta excavación arqueolóxica e que falasen con detalle dunha parte da historia de Lalín. Trataríase de:

- FERNÁNDEZ PINTOS, M.P. (2007): *Sondeos arqueológicos valorativos y actuaciones complementarias para la definición del Castriño de Bendoiro y su entorno.*
- FERNÁNDEZ PINTOS, M.P. (2008a): *Intervención arqueológica en el Castriño de Bendoiro (3ª fase). Desbroce y documentación de estructuras en el extremo este de la zona 4.* Info.
- FERNÁNDEZ PINTOS, M.P. (2008b): *Intervención arqueológica en el Castriño de Bendoiro (3ª fase). Zona 4: Resultados en extremo este. Zona 1: Incidencias en entorno de Es-03.*

Destes traballos e estudos poderíase solicitar unha copia ao ADIF, a arqueóloga ou ao Servizo de Arqueolóxica da Xunta, no caso de contar con elas.

Considerando estes antecedentes, a importancia do Castriño de Bendoiro e a posibilidade de que a documentación e os achádegos poidan ser expostos en Lalín, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

1.- Solicitar ao ADIF, á Deputación Provincial de Pontevedra e a Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia a colaboración para o estudo das máis de 30.000 pezas e material atopado no Castriño de Bendoiro, a través do Centro de Xestión do Coñecemento Arqueolóxico (CXCA) do Pazo de Liñares.

2.- Estudar coa Deputación de Pontevedra, como responsable do Museo Provincial e tamén como responsable do CXCA do Pazo de Liñares, a posibilidade de que as pezas máis destacadas do achádego do Castriño de Bendoiro, poidan ser expostas permanentemente en Liñares; para que así, sempre haxa no dito Pazo unha representación do que se atopou na nosa zona.

17.- EXPEDIENTE 940/2017. MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO SOLICITANDO IGUALAR AS CANTIDADES Á ESCOLA DE FÚTBOL E AO CD LALÍN ÁS DO ANTERIOR EXERCIZO E REGULAR, DE SER PRECISO, A LICITACIÓN DE MÁQUINAS EXPENDEDORAS E PUBLICIDADE DOS TIKETS DO PARKING ALDEA GRANDE, ETC.

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 12 de abril de 2017, presentada no rexistro de entrada municipal o día 17 de abril de 2017 co número 2470. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 24 de abril de 2017.***

O *Sr. Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García* decidiu retirar a moción debido a que non ía a contar cos apoios para ser aprobada e que a volvería a levar ao Pleno cando contase con todos os seus membros.

A Presidencia **RETIROU A MOCIÓN** a petición do concelleiro propoñente.

O *Sr. Secretario* preguntou se había algunha moción por urxencia.

D. Xosé Crespo Iglesias indicou que ían a presentar tres mocións por urxencia.

18.- MOCIÓN POR URXENCIA DO PP SOLICITANDO A CONCESIÓN DUNHA ACHEGA Á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS PARA A REALIZACIÓN DUN PLAN DE DINAMIZACIÓN DO COMERCIO LOCAL.-

A continuación **D. Xosé Crespo Iglesias** deu lectura ao contido da mesma, explicando que a esta proposta do Presidente da Asociación de Empresarios do Deza o *Sr. Alcalde* lle dixo que vinculaba a dita subvención á aprobación dos orzamentos; aclarou que isto tamén se podería facer cunha modificación de crédito e que presentaban a moción para deixar ao goberno en evidencia porque entendían que estas verbas eran unha forma de presionar ao seu grupo para que apoien a aprobación dos orzamentos.

Xustificou a urxencia porque a elaboraron despois da convocatoria das Comisións Informativas.

Sometida a votación ordinaria a URXENCIA da moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: vinte (20) sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, nove (9) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, **RATIFICOUSE a URXENCIA** da moción.

O *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio*, indicou que o seu goberno levaba tempo demostrando a súa aposta polo comercio local, e que nun momento de inicio de recuperación da crise como é este, cando se están a dar licenzas de apertura considera que hai que apoiar a este sector. Recordou que nos días pasados presentou

o Plan e que lles daba a razón en moitas cousas, e que en moitos temas esperaban que “sonaran as trompetas de Jericó” e non soaron e que o tempo lles da a razón nese sentido.

Continuou dicindo que adquiriu o compromiso coa AED de crear unha comisión mixta para facer o seguimento dos cartos que aporte o Concello e indicou que polo ben do comercio local. Este acordo estaba baseado nun plan director que financiou este goberno e que a súa intención era de sacalo adiante, pero dende o departamento de Intervención lle dixerón que cos presupostos prorrogados o ven complicado.

Pedi, para que figurase en acta que, “se se alcanzase un previo informe de Intervención, non tería ningún tipo de problema; se non se obtivese dito documento, eles tiñan a intención de levalo aos próximos orzamentos”.

Agradeceu esa postura **D. Xosé Crespo Iglesias**, reiterando que o motivo de presentar esta moción foi unicamente unha intervención do *Sr. Alcalde-Presidente*, vinculando a subvención á aprobación dos orzamentos.

Volveu indicar o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, que era o que se lle trasladaba dende o departamento de Intervención; ía solicitar un informe a dito departamento, o cal se trasladará á oposición.

De novo, **D. Xosé Crespo Iglesias**, solicitoulle poder ver o dito informe cando estivera elaborado. Fixo una reflexión en relación á expresión que utilizou na súa anterior intervención o Sr. Alcalde -Presidente: “Trompetas de Jericó”.

Salientou que na presentación do Plan de Comercio á que asistiu, lle sorprendeu que mencionara que era a primeira vez que se facía un estudo serio e concienciado sobre o comercio de Lalín e que o calificara de histórico.

Preguntoulle o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, se había algún estudo tan a fondo e no que se investisen 20.000€; se o houbese, rectificaría .

Lembroulle **D. Xosé Crespo Iglesias**, que había moitos anos Caixanova asinou un convenio co Concello para facer unha achega destinado a elaborar un estudo a través dunha fundación chamada *Carlos Verlasco*. Dito informe dicía practicamente o mesmo que o que presentaron dende o goberno, cunha diferenza: que o outro facía máis fincapé no tema cocido.

No uso da palabra, o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, dixo non ter ningunha dúbida de que o grupo popular nunca quixo ir contra o comercio, e recoñeceu que lle molestara que os hostaleiros de Lalín non lle deran a suficiente importancia aos investimentos que se facían dende o Concello en relación á Feira do Cocido, e recordoulle que os que tiveron a valentía de apostar pola peonalización foron os do goberno. E mencionou que os datos sinalaban que os cidadáns xa comprendían a peonalización, existindo a día de hoxe un nivel bastante alto de satisfacción coa dinamización deste goberno.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** sinalou non estar criticando o estudo; simplemente facía unha recomendación ao goberno, porque o problema dos estudos era levalos a cabo. Recomendou tamén que recuperasen ese estudo, porque podía ser complementario a este; finalmente solicitou unha copia do mesmo cando a atopen.

Reclamoulle **D. Rafael Cuiña Aparicio** ao grupo popular que fixeran unha foto enriba do km 0 en contra da peonalización e dixo que o tempo lle deu a razón. Antes de darlle a palabra ao *Concelleiro non adscrito*, preguntou se aceptaban a modificación de solicitar o Informe de Intervención.

Na súa quenda, **D. Juan José Cruz García** dixo votar a favor da moción.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, preguntoulle que lle parecera a charla da presentación do Plan de comercio.

D. Juan José Cruz García preguntou que o estaba “vacilando”, e salientou que non viña ao Pleno a responder a ningunha pregunta. Coidaba que un traballo de dinamización neste eido era importante e que constara en acta o seu voto a favor.

Remataron cunha pequena discusión entre ambos en relación a se o Concello organizou e financiou a “Feira de Abril”, promovida e organizada polos hostaleiros.

*Sometida a votación ordinaria a moción por urxencia, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, nove (9) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito, **APROBOUSE** a moción por urxencia do seguinte tenor:*

A Asociación de Empresarios do Deza anunciou nos pasados días a súa intención de por en marcha un Plan de Dinamización do Comercio de Lalín encamiñado a potenciar as fortalezas e favorecer o futuro do comercio do centro urbano.

O colectivo patronal pretende acometer este programa cunha financiación a catro partes na que tomaran parte Concello, Xunta de Galicia, o propio colectivo, e o grupo de empresarios e emprendedores ao que vai dirixido.

A proposta parece moi acaída e atinada nun momento en que o sector do comercio local está a afrontar a chegada dun novo operador comercial internacional á vila, como é a implantación dun hipermercado da cadea Carrefour, co que elo implica. Un esforzo na dinamización, difusión, publicidade e marketing do noso comercio, nun marco de competencia como o actual, semella un bo xeito de axudar ao comercio a afrontar os novos retos con máis garantías.

Como queira que os pasados días, o Alcalde de Lalín, publicamente, vencellaba a concesión desta axuda ao comercio á aprobación dos orzamentos, algo que nin de lonxe é vinculante ao existir outras fórmulas para a consignación deste gasto, e ante a necesidade de que se artelle o programa á máxima celeridade, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Instar ao goberno municipal a que elabore unha modificación de crédito de xeito urxente, para o pleno do mes de maio, para dotar economicamente unha achega de 60.000 euros para que con estes fondos a Asociación de Empresarios de Deza poida acometer o Plan de Dinamización do Comercio Local.

19.- MOCIÓN POR URXENCIA DO PP RELATIVA Á RECUPERACIÓN DE FRECUENCIAS DE AUTOBÚS E REORDENACIÓN DE HORARIOS, DA EMPRESAS RÍAS BAIXAS, DE TRAXECTOS ENTRE LALÍN E VILA DE CRUCES.

A *Presidencia* dou conta da presente moción, con número de rexistro de entrada 2783 de 28 de abril de 2017, presentada por urxencia na sesión.

Dende o PP, **D^a Paz Pérez Asorey** xustificou a urxencia desta moción explicando que foron coñecedores dos trastornos que a supresión desta liña estaba xerando a algunhas persoas que as utilizaban con frecuencia. Sinalou que se elaborou despois de que foran convocadas as Comisións Informativas. De seguido deu lectura ao texto da moción.

O *Sr. Alcalde- Presidente*, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, indicou que para ser por urxencia a moción "*menudo texto de última hora; estuvo redactando duramente*", comentou.

A *Concelleira Delegada de Facenda*, **D^a Teresa Varela Fisteus**, manifestou non compartir a urxencia da moción, basicamente, porque para que se haxa unha reestruturación en calquera empresa de transportes, como era este caso, tiña que pasar unha serie de trámites na Dirección Xeral de Mobilidade de 4 anos como mínimo. Durante este período se lle daba traslado ás distintas administracións implicadas, entre as que se atopou, neste caso o Concello de Lalín. Por elo ao grupo popular debían de terlle dado traslado, xa que estivo gobernando no Concello ata hai escasos 2 anos.

Continuou dicindo que cando unha empresa levaba a cabo unha reestruturación para eliminar frecuencias, era debido a que tiña que garantir a súa solvencia económica e a liña non era rentable; se non fose así e gañase cartos, aumentaría ditas frecuencias, porque a finalidade de calquera empresa era sacar un lucro.

Por elo poñerse a negociar cunha empresa que acababa de conseguir unha reestruturación para pedirlle ou obrigarlle a incorporar de novo a liña suprimida, unha vez superados todos os trámites que realizou, lle parecía, "*canto menos, atrevido*".

Recordoulle ao grupo popular que "*a cor da Xunta de Galicia era a súa*" e que non consideraba que este fose o momento de presentar a moción, porque a Dirección Xeral estaba investindo en estudos para coñecer e dar solución a esta clase de problemas, aínda que dende o goberno municipal sempre ían estar do lado dos veciños.

Finalmente criticou ao grupo propoñente que non fixeran un estudo máis profundo do caso, en vez de mirar no facebook, porque foi aí, no enlace da páxina de Rías Baixas, onde viron o dos horarios, reiterando que deberían ser prudentes e esperar a que a Dirección Xeral determinase o que ía facer sobre esta materia.

Non compartía **D^a María Paz Pérez Asorey** esta exposición sobre un tema do que se fixeron eco dende fai unha semana, que era o tempo que levaba a liña recortada. Precisou que non era tanto o número de persoas afectadas, senón as condicións destas persoas (persoas maiores, sen carnet de conducir...) ás que afectaba.

O Sr. Alcalde- Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, recordoulle a ámbalas dúas concelleiras que o que se estaba a debater era a urxencia da moción e non a moción en si.

Dª María Paz Pérez Asorey indicoulle que lle estaba a responder á exposición de **Dª Teresa Varela Fisteus** e continuou dicindo que, se lle querían brindar ao rural os mellores servizos unha das formas era esta.

Explicou que esta moción partía do contacto coa xente, potenciais usuarios destas liñas e non de ver o facebook. Recordou que xa presentaran unha moción de características similares, en relación á liña doutra empresa que tamén se eliminou, e que despois do seu debate no Pleno, se recuperaron os servizos perdidos. Rematou recoñecendo que a competencia era da Dirección Xeral de Mobilidade e á vez pedíulle ao goberno que empregara o mesmo criterio para todas as propostas ou peticións que se fagan.

Indicou **Dª Teresa Varela Fisteus** que os usuarios afectados con determinadas condicións poderíanse acoller ao servizo do 065.

A isto **Dª María Paz Pérez Asorey** replicoulle que non podían ser usuarios do 065 persoas que non teña mobilidade reducida, do que aportou varios exemplos.

O Sr. Alcalde- Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, pregoulle a **Dª María Paz Pérez Asorey** respecto á quenda da Concelleira Delegada de Facenda.

A isto **Dª María Paz Pérez Asorey** respondeu pedindo desculpas.

Para finalizar **Dª Teresa Varela Fisteus** destacou que, para citar a unha empresa, o primeiro que se debía facer era poñerse en contacto con ela, antes de traer o tema ao Pleno; tamén cumpría saber cantos usuarios tiña esa liña e cales foron os motivos para chegar a ese punto, xa que unha cousa era unha empresa que non está cumprindo e á que se lle podía exixir o dito cumprimento e outra moi distinta era o caso da empresa que tiña unha reestruturación concedida, e que se pretenda que vaia para atrás nesa reestruturación; “*estase falando de momentos administrativos distintos*”, sinalou.

D. José Crespo Iglesias indicou que no caso de Arriva, foi para atrás a proposta, e que eles non estaban en contra da empresa.

Sometida a votación ordinaria a **URXENCIA** da moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, máis da maioría absoluta do número legal de membros da corporación, co voto favorable de vinte (20) concelleiros sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, nove (9) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **RATIFICOUSE a URXENCIA** da moción.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10), sendo nove (9) dos concelleiros do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dez (10), sendo cinco (5) dos concelleiros de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG.

Xa que logo, por **MAIORÍA** dos asistentes, **APROBOUSE a moción**, co contido seguinte:

As parroquias do norte do Concello de Lalín, especialmente as que se sitúan a un lado e a outro da estrada provincial Lalín-Vila de Cruces, contan cunha liña de transporte público, operada pola empresa Rías Baixas, que lles permite comunicarse coas dúas cabeceiras municipais cas que os veciños destas parroquias manteñen unha intensa relación administrativa, comercial e mesmo social.

Se ben son moitos os veciños que pasaron de utilizar o transporte público aos vehículos privados, seguen a ser un bo número os usuarios que manteñen o autobús como xeito idóneo para achegarse ata Lalín para facer compras, tramitacións administrativas, etc.

Na actualidade, a empresa Rías Baixas opera dúas liñas de conexión entre Lalín e Vila de Cruces, aínda que con paradas e trazado diferentes. A liña L9A, tamén chamada Lalín-Carragoso-Bermés-Camposancos-Vila de Cruces conta con 20 paradas -que utilizan veciños das parroquias de Xaxán, Sello e Bermés- e a L9B, tamén nomeada Lalín-Palmou-Cercio-Brántega-Vila de Cruces, e que presenta un total de 23 altos para baixar e subir viaxeiros de parroquias lalinenses como Goiás, Pareizo, Sello, Palmou, Palio e Cercio.

Ata hai escasas datas, a liña L9A contaba cun total de 7 traxectos os días de semana e dous os sábados. Unhas frecuencias que se viron recortadas por parte da empresa, e que provocaron que se perdese o traxecto diario das xornadas laborables das 15:30 horas con saída de Vila de Cruces e chegada a Lalín e que desaparecesen os traxectos das 13:15 (Lalín-Vila de Cruces) e 20:00 horas do sábado (Vila de Cruces-Lalín). Tamén se produciron axustes nos horarios, que apenas modifican o servizo.

Por outra banda, a liña L9B tamén prescindiu dun bo número das súas frecuencias ao perder a diaria das 19:50 horas que unía Lalín con Vila de Cruces os días lectivos e pasar de prestar servizo de luns a venres a facelo só os luns e os xoves -co que se perderán os servizos dos martes, mércores e venres que non son feirados-. Tamén se reaxustaron os horarios, os luns e xoves, ata o punto de que varios veciños transmitiron as súas queixas porque a escasa diferenza entre a ida e a volta fan imposible poder completar xestións que teñan máis de un par de horas de duración. A liña que antes saía de Vila de Cruces ás 08:00 horas agora sae da capital de Carbia ás 10:30 horas. Se a volta dende Lalín era ata hai uns días ás 14:35 horas, agora esta volta prodúcese case unha hora antes, ás 13:45 horas. Co que a diferenza horaria entre a ida e a volta é mínima e fai imposible a realización de moitas xestións. Nesta tesitura, e ante a necesidade de que se manteña un servizo de transporte de calidade e de servizo ao rural, que permita aos veciños das parroquias unha relación de mobilidade cómoda coas cabeceiras municipais,

Tendo en conta o anteriormente exposto é polo que, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Instar ao goberno municipal a que negocie ca empresa Rías Baixas e cos responsables da Dirección Xeral de Mobilidade (Consellería de Infraestruturas e Vivenda) a recuperación das frecuencias de autobús, entre Lalín e Vila de Cruces, perdas e a que se reorganice o horario da liña L9B para que permita aos usuarios dispor de marxe horario para facer as súas xestións e compras en Lalín.

20.- MOCIÓN POR URXENCIA DO PP PARA A IMPLANTACIÓN DO VOTO TELEMÁTICO NOS PLENOS DA CORPORACIÓN.-

D. Nicolás González Casares indicou que, por unha cuestión de orde, non se podía xustificar a urxencia de todas as mocións, e pediu á oposición que non se acostumasen a presentar tantas mocións por urxencia, porque de non ser así, “íase converter o Pleno nun show”; entrar neste xogo non era bo.

O Sr. Alcalde- Presidente, **D. Rafael Cuña Aparicio** recordou que había un mes enteiro para presentar as mocións e que hai xente que non presentaba ningunha moción en varios plenos e de logo presentaba varias por urxencia. Pediu que se fora máis serio, e dixo que iso non ía polo grupo popular.

D. Nicolás González Casares dixo que antes non se facía isto, que practicamente non había mocións x urxencia.

A isto os membros do grupo popular indicaron que foi unha casualidade o de presentar tres mocións neste pleno.

Explicou a motivación da urxencia **D. Xosé Crespo Iglesias** da moción, e xustificou a da moción que estaban a tratar pola casuística que tiña o seu grupo neste momento debido á enfermidade dunha das súas concelleiras, **D^a María Álvarez Paz**. Saliu que noutros organismos xa se está a implantar o voto telemático e se estaba regulando este tipo de votación, e recordou que no Pleno do mes de decembro de 2011, aprobouse por unanimidade, un Regulamento Orgánico das Intervencións en Pleno.

Agora solicitaban modificar dito regulamento para que o mesmo contemplase permitir a asistencia a distancia dos concelleiros ás sesións plenarias, non física, senón mediante un sistema de videoconferencia ou co voto telemático, porque no seu caso podería ser decisivo ou podía non selo.

Continuou indicando que contaba con documentación que incluía informes xurídicos dos concellos de Madrid e Zamora nos que acordaron que un concelleiro ausente puidese votar utilizando os mecanismos telemáticos de maneira fiel que permita esta interacción e que a súa petición era: modificar o regulamento para que permita o anterior e que os Concelleiros que gocen do permiso de maternidade ou paternidade, así como aqueles que padezan enfermidade grave que claramente impida a súa asistencia persoal á sesión, poidan asistir a distancia ás sesións plenarias mediante voto telemático ou con outro procedemento similar, participando no debate e votación dos asuntos a tratar, sempre que quede garantido o sentido do voto e da súa liberdade para emitilo. Reiterou a urxencia pola ausencia de **D^a. María Álvarez Paz** que contaban

que fose máis curta e non era así.

O Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** indicou que lle parecía que era unha cousa urxente.

Sometida a votación ordinaria a **URXENCIA** da moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: dez (10), sendo nove (9) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, por non acadar a **MAIORÍA ABSOLUTA** do número legal de membros necesaria, **REXEITOUSE a URXENCIA** da moción.

D. Juan José Cruz García preguntou ao *Sr. Secretario* se podía facer unha pregunta.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** lle respondeu que “non”.

Indicou **D. Juan José Cruz García** que iso era limitar as súas funcións de concelleiro.

Díxolle que podía facelo **D. Rafael Cuiña Aparicio**, que claro, como non intervirá nada no Pleno.

D. Juan José Cruz García continuou dicindo que dada a súa ignorancia tiña que preguntar

O *Sr. Secretario* indicoulles que procederan á votación da urxencia da moción.

D. Juan José Cruz García, dirixíndose ao *Sr. Secretario*, preguntoulle que, se existise un regulamento orgánico do Concello, sería posible regular a hipótese de que puidendo a persoa que estivera de baixa, substituírse por outra; e no seu momento poder voltar como edil.

A o que o *Sr. Secretario* respondeu que non.

D. Juan José Cruz García dixo entón que o grupo popular tería que plantexarse en dala de baixa.

Ao que lle replicou **D. Nicolás González Casares** que iso era cousa da concelleira afectada; de non ser así, ao Sr. Concelleiro non adscrito xa o terían dado de baixa hai tempo.

Producíronse comentarios por parte de varios concelleiros e risas.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** pediu orde no Pleno e dixo que se **D. Juan José Cruz García** puidera votar telemáticamente xa non aparecería nin polos plenos.

Contestou **D. Juan José Cruz García** que a Sra Concelleira podía ter a vontade de deixala, e preguntou ao Sr Secretario se non podía pedir que a concelleira en cuestión valore esta opción como lle pediron a él en moitas ocasións.

O Sr. Secretario respondeulle que esa pregunta podía formulala en Rogos e Preguntas.

21.- ROGOS E PREGUNTAS:

1.- PP. D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.-

1.1.- ROGOS.-

1.- Rogou que se contemplaran actos no futuro no día do libro, que este ano non se contemplaron, e que independentemente que se fagan cousas durante todo o ano, como é normal, que o propio día do libro que tamén se faga algún acto.

O **Sr. Alcalde-Presidente** quedou enterado.

2.- Rogou que cando o Sr. Alcalde fale marabillas dos seus concelleiros, que, indicou que tiñan todo o dereito a facelo, recorde que eles tamén gobernaran no Concello, e tiñan un concelleiro con dedicación exclusiva e **D. Xosé Crespo Iglesias** como Alcalde e nada máis.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, respondeulle que estaba falando ben da súa xente; pero deu a súa palabra de que dos membros do grupo popular non había dito nada en contra deles, indicou que, ademais, de algún coñecía o seu traballo e que non tiña ningunha dúbida do mesmo.

1.2.- PREGUNTAS.-

1.- En relación ao Albergue da Laxe, comentou que lle tiñan informado que nos pasados días **D. José Manuel Hermida Arias** dixera a algúns veciños que “ se o albergue estaba pechado era porque Crespo tiña feito unha chamada á Xunta de Galicia para que non se abrise”.

Pregunta: ¿Era verdade esa afirmación ou mentía a persoa a quen llo escoitou?.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, comentou de forma sarcástica que o **D. José Manuel Hermida Arias** era unha persoa bastante polémica.

D. Xosé Crespo Iglesias indicou que a persoa que llo dixo era coñecida por todos e que era unha persoa tan respectable como **D. José Manuel Hermida Arias**.

O Sr. *Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, referíndose a *D. José Manuel Hermida Arias*, lle preguntou se dixera iso. Continuo dicindo que el había escoitado, en relación á apertura do albergue, dúas versións: unha, que anunciaran a “bombo e platillo” que tiveran unha reunión para falar deste tema, e abrir o albergue; e outra que o Sr. *Crespo* se topara pola rúa coa *Sra. Nava Castro* e que falaran do albergue.

D. Xosé Crespo Iglesias reclamoulle que estaba na súa quenda de palabra e que lla había dado e logo sacado.

O Sr. *Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuiña Aparicio** recordou que o albergue segue pechado e indicou que o Concello fixo todo o posible para que a día de hoxe estivera aberto, entregou toda a documentación, as chaves e todo o necesario, e que se non estaba aberto era por culpa da Xunta, non do Concello. Reclamoulle a *D. Xosé Crespo Iglesias* que foi el quen dixera que ía a estar aberto en Semana Santa fora.

Contestoulle **D. Xosé Crespo Iglesias** que lle explicaría todos os pormenores deste tema sen ningún tipo de problema. Asegurou que “tiñan máis culpa da conta”. Insistiu en que lle estaba preguntando a *D. José Manuel Hermida Arias* se era verdade ou non que houbera dito iso.

Precisou **D. Rafael Cuiña Aparicio** que o Sr. Concelleiro lle había contestado que non. Pero que como parecía que non o entendía, contestarían por escrito.

D. Xosé Crespo Iglesias dixo que estaba conforme coa resposta pero que ía a demostrar que non era así, que un dos dous mentía, e que non tiña porque dubidar da súa palabra.

Volveu a insistir D. Rafael Cuiña Aparicio no “nivel de polémica” que tiña o Sr. Concelleiro de Actividade Agraria.

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

2.- PREGUNTA.- En relación ás preguntas que presentaron no anterior Pleno sobre a perda de subvencións por parte do Concello de Lalín, comentou, primeiramente, que quería solicitar ao *Sr Secretario* se lles podían facilitar as respostas ás preguntas que plantexaran ao Pleno con antelación ao mesmo, xa que llas habían dado xusto antes de empezar ao Pleno e que estaban sen firmar, aínda que entendían que coa tramitación telemática podían demorarse máis as repostas.

O Sr. *Alcalde-Presidente*, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, indicou que as asinou o día anterior.

O Sr. *Secretario* aclarou que este tema non era competencia de Secretaría.

Comentou **D. Xosé Crespo Iglesias** as respostas que lle deran; dicíase que se habían perdido dúas subvencións, unha de 1.200,00€ e outra de 5.445,41€, da Xunta de Galicia por imposibilidade de execución das mesmas.

Pregunta: *¿a que era debida esa imposibilidade de execución das mesmas?*

Continuou dicindo que en principio tiña datos de que se perderan tamén unha subvención importante do Deputación de Pontevedra, pero que pola súa resposta consideraba que debían de ser datos erróneos. Finalizou reiterando que lles proporcionasen ás repostas polo menos o día antes das sesión do Pleno.

O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.

3.- ROGO.- Por outra banda, **D. Xosé Crespo Iglesias** comentou que “non quere que cure en falso” o asunto dos” Whasaps” e tampouco pretendía deixar por mentireiro ao Sr, Alcalde, e indicou que, aínda que poidera parecer un tema menor, non era así, porque con esa acción o que pretendía o Sr. Alcalde era relegalo e dar a entender que o seu partido o tiña “esquecido”.

O *Sr. Alfonso Rueda* sentiuse moi ofendido por este tema, indicou. Dirixíndose ao Sr. Alcalde lle dixo que ou mentía el ou o *Sr. Rueda*, un dos dous.

O que lle solicitaba era que dera unha explicación pública, preferiblemente no Pleno, aclarando ese tema, xa que seis persoas certificaban que o Sr. Alcalde lle ensinara ese whasapp. Se era verdade o que dicía o Sr. Alcalde, pediría a dimisión do Sr. Rueda; se non o era, pediría a do Sr. Alcalde.

Rematou dicindo que con este tema se ía contra a súa honorabilidade e a do seu equipo, algo que non ía a permitir, polo que pedía que se deran as explicacións oportunas; de non ser así, tomaría as medidas que considerase.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

4.- ROGO.- Para rematar indicou que quería plantexarlle unha cuestión ao *Sr. Francisco Vilariño*, en relación a que, nese día, estiveron no Concello a gravar un *spot* para Samsung, cousa que vía con satisfacción xa que, que unha empresa como Samsung escollera ao Concello de Lalín para gravalo que era unha boa nova, e que recoñecía que fora unha boa xestión do grupo de goberno, como así o recoñecera en facebook.

Tamén lles recordou a caña que lles tiñan dado pola construción do Concello, e que había conseguido o que pretendían, que era que a Casa do Concello se convertera nun emblema. A cuestión que quería plantexar era que, dado que era unha multinacional con moitos recursos, se o goberno tiña asinado algún tipo de convenio: Ou se o tiñan pensado asinar, ou se, no seu caso, ían pagar algún tipo de taxa por levar a cabo dita gravación.

D. Francisco Xabier Vilariño Taboada, indicoulles que se estaba estudando no departamento de Intervención se era posible levar a cabo ese cobro, xa que, lles indicou que, en referencia ao grupo popular, nin nos seus momentos” máis de subidón” se tiñan plantexado tal cousa, porque do contrario terían unha ordenanza que regulase dito cobro.

Interrompeuno **D. Xosé Crespo Iglesias** para dicir que no seu día o grupo popular fixera unha oferta de catro posibles platós, para promocionar o Concello de Lalín, a Casa do Concello, o Pazo de Liñares, o Souto de Quiroga e a Carballeira do Rodo, pero recoñeceu que non elaboraran unha ordenanza para poder cobrar polo uso das instalacións.

Sinalou **D. Francisco Xabier Vilariño Taboada** que non fixeran aínda nada. Indicou que Samsung non había posto ningún problema en pagar e indicou que xa so coa publicidade que se ía a facer xa era un pago enorme, pero que, aínda así, ían intentar cobrar e que tiñan plantexado tamén outras posibilidades de colaboración; cumpría non esquecer o gasto que tiñan facer no Concello. Continuou dicindo que debería retirar o seu agradecemento cara a el no facebook, xa que dende que fixo ese agradecemento deixaran de partillar moitos dos seus seguidores .

Ao que **D. Xosé Crespo Iglesias** pediu desculpas.

Producíronse nese momento risas por parte dos Sres. Concelleiros e **D. Francisco Xabier Vilariño Taboada** agradeceu esas palabras do Sr. Crespo Iglesias e indicou que cando lle “daba caña” moitos o partillaban e cando o agradeceu deixaron de partillalo, e en todo caso agradeceu as súas palabras de agradecemento.

O **Sr. Alcalde-Presidente** quedou enterado.

2.- PP, D^a MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY:

2.1.- PREGUNTAS.-

1.- Indicou que, despois de coñecer o seu sentido do voto á proposta do grupo popular de intentar recuperar a liña de autobús da empresa Rías Baixas, e debido a que a **Sra. Concelleira D^a Teresa Varela Fisteus**, ofrecía o 065 como alternativa para os usuarios a falta de dita liña, Preguntou: ¿a que usuarios se lle podería orientar para que puideran acollerse a dito servizo a falta da liña da empresa Rías Baixas?.

D. Nicolás González Casares respondeulle que ela sabía que era para usuarios con algún tipo de dependencia, pero que lle ía a contestar por escrito.

O **Sr. Alcalde-Presidente** dixo que respondería por escrito.

3.- PP, D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA:

3.1.- PREGUNTAS.-

1.- Indicou que no mes de novembro levaba, o **Sr. Concelleiro de Deportes** a aprobación ó Pleno, unha proposta para dotar duns banquillos ao estadio Manuel Anxo Cortizo, Preguntou: ¿esas banquillos se correspondían coas características técnicas plantexadas na memoria?

D. Nicolás González Casares indicou que respondería por escrito.

O Sr. Concelleiro **D. José Antonio Varela Quintela** contestoulle que esas preguntas as tiñan presentado vía telemática esta semana, polo que esperaban a súa reposta.

D. Nicolás González Casares dixo non ter constancia de que esas preguntas

foran presentadas; sinalou que era a primeira vez que as escoitaba e preguntou se foran enviadas a órganos colexiados. Finamente quedaron en responder por escrito.

D. Nicolás González Casares indicou que respondería por escrito.

2.- Indicou que esta semana aparecera a porta de entrada ao campo de fútbol pechada con unha cadea. Preguntou: quen deu a orde de pechar dita porta?.

D. Nicolás González Casares sinalou que lle ía a contestar el. Coidaba que fora o Sr. concelleiro Miguel Ángel Medela Dobarro, e que o que pretendían era que se entrara e saíra polo mesmo sitio para ter un control das entradas do recinto.

D. José Antonio Varela Quintela indicou que se estaba a pechar a porta que tiña acceso ao paso de peóns, nun estadio que e se entra por todos os lados e preguntou se: ¿era tan difícil que, cando houbera actividade deportiva, se abrise a porta e que se pechara ao rematar?.

D. Nicolás González Casares dixo descoñecer o tema e pediu que lle respondera D. Miguel Ángel Medela Dobarro.

D. José Antonio Varela Quintela dixo que trasladaba as queixas de país de usuarios da instalación.

D. Miguel Ángel Medela Dobarro dixo que lle respostaría despois do Pleno.

4.- PP. D^a MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME.

4.1- PREGUNTAS.-

1.- En relación ao gasto de 13.300 € para facer unha enquisa sobre o uso da vella piscina aprobada pola Xunta de Goberno para destinar ese importe a un proceso de enquisa e elección dunha idea para desenvolver na vella piscina, preguntou: *¿Cren que é necesario o gasto desta cantidade nun proceso de enquisa xa que hai moitas maneiras de facelo, por exemplo, polos medios do Concello e de xeito gratuito?*

D. Nicolás González Casares preguntoulle se quería que lle contestara as preguntas unha a unha ou todas xuntas.

D^a M^a José Senande Méijome dixolle que non.

Indicoulle **D. Nicolás González Casares** que prefería responder unha a unha. Continuou dicindo que si que cría necesario o gasto, porque cumpría facelo moi ben, e aclarou que aínda que non había ningún gasto feito, porque se pagaría cando se execute o traballo, era unha proposta de gasto que se aprobou; cando se faga o servizo, procederase ao seu pago; polo tanto non había un euro pagado polo de agora.

Explicou que se trataba dun proceso que duraba cinco meses e que era regrado. Non era unha enquisa de facebook, senón un proceso participativo como se facía en moitos máis sitios. Este tipo de procesos tiñan unhas canles e unhas etapas. A

primeira etapa era plantexar ben o proceso; a segunda era ensinar aos cidadáns todas as propostas, que se debaterán con todos os grupos políticos, porque ían falar co grupo popular para recabar a súa opinión.

Continuou dicindo que era un proceso que duraba cinco meses e que a priori podía parecer caro, pero cando estivera todo feito, poderíano avaliar. Había que facelo ben porque esa piscina levaba seis anos pechada, nos que o goberno anterior tiña plantexado un concurso de ideas, plantexara unha biblioteca, unha pista de xeo, a ampliación da outra piscina, ludoteca, etc..., que xa tivera 6 ou 7 usos; cada Lalinense tiña un uso previsto para esa piscina, e o que se buscaba era que os Lalinenses decidiran, porque había moita disparidade. Cumpría facelo dun xeito regrado; para facer esa regra necesítase persoal neste Concello, que a día de hoxe se estaba baixo mínimos, con baixas moi longas en persoal administrativo. Para facer esas reunións, para facer paneis, exposicións e cuestións máis técnicas de avaliacións económicas de cada unha das alternativas, precisase xente especializada.

Comentou que entrou no Linkelink dunhas das persoas desa empresa para ver o currículum desa persoa e poder ver que un dos socios desa empresa era unha persoa que xa traballara no Concello. Aclarou que non era amigo seu; era unha persoa que coñecía profesionalmente e que estaba moi capacitada para facer isto, como o estaba para facer cousas do PXOM que fixeron, asesorando a Técnicos Municipais en cuestións arquitectónicas. Por isto era garantía de que se ía a facer ben. O que se buscaba era que fora a xente quen o decidira, sendo este o fin último do proxecto, indicou.

Tamén había unha cuestión moi importante dende o punto de vista democrático: que os cidadáns teñan verdadeiras canles de participación regradas, porque a votación ía ser con identificación e non valía votar varias veces. Había moitas experiencias en moitos puntos. Aínda que podía parecer en principio algo caro, despois ía quedar unha web.

Interrompeu o Sr. Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García**, dicindo que había que empezar a falar as cousas, porque a moción do PP do voto telemático non tiña urxencia e para esta si que había.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** lle indicou que ía a comezar agora ao súa quenda de palabra.

D. Nicolás González Casares aclaroulle a **D. Juan José Cruz García** que non se estaba a falar de voto telemático, senón de voto presencial. Continuou explicando que esa era a argumentación unha vez se rematara o proceso co modelo que decidiran os cidadáns, levaba implícito moita pedagogía de participación cidadá, e que ía a quedar unha web de participación cidadá para tomar máis decisións, para consultar cos cidadáns dun xeito regrado. E logo habería que redactar un proxecto que se adaptara exactamente ao que decidiran os cidadáns. Posteriormente executarase. O horizonte erra darlle un sentido a iso, que todos os cidadáns souperan que o uso da piscina vella formaba parte da decisión de todos, a algúns gustaríalle máis e a outros menos, porque cada un tería a súa opinión. Indicoulle que se tiña máis preguntas llas respondería.

2.- Preguntou: en relación coa páxina web, cos perfís sociais e as reunións cos colectivos, ¿non serían suficientes para tomar esa decisión, porque xa tiñan plantexado para outras cousas preguntas a través das redes sociais?

Respondeu **D. Nicolás González Casares** que isto precisaba un proceso moito máis regrado, porque non se estaba a consultar se se pechaba unha rúa de viños un fin de semana ou non, se estaba a xogar cunha infraestrutura que non se sabía o que ía custar. Lembrou que quen a deixou abandonada non foi este goberno; estase tratando de facer o mellor que se pode e cando estea todo rematado ninguén se acordará disto e quedará un bo sistema de participación cidadá.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** comentou que o sorprendente era ver como estaba esta infraestrutura que estivo moi ben en tempos e como estaba agora; tiña pensado acoller visitas polos colexios para que viran o que non se debía facer cos cartos públicos.

Respondeulle que estaba moi equivocado **D. Xosé Crespo Iglesias**.

Sarcasticamente **D. Rafael Cuíña Aparicio** díxolle que “estaba moi ben esa infraestrutura”.

Dª Mª José Senande Méijome preguntou se podía seguir preguntando.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuíña Aparicio** respondeu que si.

Dª Mª José Senande Méijome manifestou non entender como para esta infraestrutura se precisaba deste despregue de recursos económicos e para algo tan importante como foi a peatonalización non escoitaran as recomendacións que lle facían os colectivos afectados.

D. Rafael Cuíña Aparicio lle respondeu que tiveron reunións cos comerciantes, nas que a Sra. Concelleira non estivo, e mesmo a algúns non lle gustaba.

Dª Mª José Senande Méijome dixo que á maioría, ao 80 %.

D. Rafael Cuíña Aparicio lle respondeu que os datos dicían outra cousa. Preguntoulle se non vira o estudo de comercio. Sabía que lle doía, pero que se tiñan que adaptar á circunstancia cambiante.

Dª Mª José Senande Méijome lle respondeu que non era así, que xa se vería.

D. Rafael Cuíña Aparicio lle replicou que xa se veu.

3.- Preguntou: ¿a decisión que saia deste proceso ou desta enquisa ía a ser vinculante ou se ía a ocorrer como co cine ou o Manuel Rivero e ao final ían a facer o contrario do que dicía a xente?.

Agradeceu **D. Nicolás González Casares** que lle atribuíran méritos anticipados, porque aínda non puideran executar ningunha das dúas cousas. Preguntou como sabía o que se ía executar e o que non. Adiantou que no DUSI se plantexou moito antes da consulta, e sempre estivo plantexado o do Manuel Rivero e a recuperación da zona coas vivendas sociais.

No caso do cine, a diferenza era saber se se ía a facer un albergue ou un cine, aínda que ao goberno lle gustaría facer as dúas cousas. Reiterou que se ía a facer porque ían ter máis de dous anos para facelo.

D. Xosé Crespo Iglesias respondeulle que “xa se saberá”

4.- Preguntou: Indicou que o edil falaba do DUSI e que tiña tildado de despilfarro a contratación da empresa PRICE WATERHOUSE COOPER para conseguir estes fondos. Se aquilo lle chamaron despilfarro: *¿como lle chaman a esta contratación?*

D. Nicolás González Casares respondeulle que neste mesmo Pleno, se leran as actas o verían, dixo que se arrepentía desas palabras e que foran un erro, porque asumía os seus erros sen problema, e preguntoulle a D. Xosé Crespo Iglesias se se lembraba disto.

D. Xosé Crespo Iglesias respondeu que si.

5.- Preguntou: *¿Cal fora o motivo de elixir a esta empresa e non a outra?*

D. Nicolás González Casares responde que o currículum.

6.- Preguntou: *¿Houbo outras empresas?*

D. Nicolás González Casares dixo que barallou outra chamada da empresa “Paisaxe transversal” de Madrid, unha das máis importantes que hai; pero era moi cara, e ademais porque na empresa elixida había xente de Lalín.

7.- Preguntou: *¿se tiña algunha relación persoal a empresa con dirixentes da parte socialista do goberno que era a que impulsaba este proxecto?*

D. Nicolás González Casares dixo descoñecelo pero que pola súa parte, non.

D. Xosé Crespo Iglesias dixo que “como dixo un día a concelleira. “se son do PSOE mellor”.

D. Nicolás González Casares aclarou que descoñecía se algún deles era militante socialista, pero que de Lalín non o era.

5.- PP. D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ.:

5.1.- PREGUNTAS.-

1.- Preguntou: *¿cando se vai a entrega ao grupo popular o informe técnico relativo aos ramais de Zobra? Indicou que a resposta do Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuíña Aparicio* había sido, canto menos, curiosa, xa que contestou que o Técnico Competente estaba elaborando dito informe. Despois de transcorrido un mes dende esta resposta pregunta: *¿Seguiu a elaborar o técnico, dito informe?. Aclarou que o que preguntaban era se tiñan ditos ramales.*

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** respondeulle que por parte do goberno se estaba traballando niso, e que non “sufrira” porque tanto Zobra como Ateán e Cadrón ían a ter saneamento.

2.- Preguntou: en relación ás respostas do Pleno anterior no que preguntou de cando lle ían a facer entrega da relación de pistas nas que botaran zahorra, a súa resposta foi que non se podería facer ata que chegara a maquinaria da Mancomunidade; non obstante o anterior goberno había deixado un pisón. ¿Onde estaba?

Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, lle respondeu que D. Miguel Ángel Medela Dobarro lle dixeran que non tiñan operario para o pisón neste momento. (medela non se oe). Preguntou se había algunha pregunta máis por parte do grupo popular.

Continuou dándolle a quenda de palabra ao Sr. Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García**.

Neste intre sendo as 12:38 horas, o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** procedeu a abandonar o Pleno, pasando a dirixilo o Sr. Primeiro tenente de Alcalde **D. Nicolás González Casares**.

6.- CONCELEIRO NON ADSCRITO, D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA.

6.1.- PREGUNTAS:

Indicou que lle parecía curioso que nas preguntas que había plantexado no Pleno anterior lle habían respondido que “en canto sexa posible si se vai a cumprir” e noutra “non podemos avaliar futuribles”.

1.- Preguntou: Falando de populismo ecolóxico: ¿onde estaba a picadora que custou 50.000 €?. ¿Onde estaba gardada?, ¿Existía un lugar onde traballaba? Xa que estaba interesado en visitar os ditos traballos: ¿onde almacenaban o serrín? e ¿cal era o consumo diario de dita picadora? e ¿se había un operario destinado a traballar coa picadora?.

D. Nicolás González Casares indicou que respondería por escrito.

2.- Preguntou: ¿O Concello fixo traballos para acondicionar “as rutas dos roteiros”? e ¿se lles estaba a mandar limpar a uns veciños e a outros se lles estaba a axudar?.

D. Nicolás González Casares indicou que respondería por escrito.

3.- Preguntou: ao Sr. Alcalde-Presidente se tiña denuncia e citacións xudiciais ou xuízos pendentes proximamente.

D. Nicolás González Casares indicou que respondería por escrito.

4.- Preguntou: ¿por que se podaban as árbores coa folla totalmente aberta, por

exemplo na rúa Otero Pedraio o día 27 de abril de 2017?, e ¿se consideran que era boa época para podar?.

D. Nicolás González Casares indicou que respondería por escrito.

A Sra. Concelleira de Medio Ambiente, **D^a Celia Alonso Caramés** lle indicou que lle ían a responder por escrito, pero recoñeceu que foi un desgusto para ela ese tema. Explicou que os veciños lle pediran que cortase as ramas que lle daban nos seus cristales, pero que se habían “pasado cortando” e que habían recibido a pertinente bronca, e indicou que non se volvería a repetir.

Ante os comentarios do Sr. Crespo, **D. Nicolás González Casares** dixo, entre risas, que era el o que dirixía o Pleno nese momento.

A Sra. Concelleira de Medio Ambiente, **D^a Celia Alonso Caramés**, indicou que eran os mesmos traballadores que había na anterior empresa, e que lle molestaba moito este tema porque eran moi traballadores.

D. Xosé Crespo Iglesias replicoulle que os responsables eran os que lle pagaban a eses traballadores. A empresa colleu os xardíns cunha baixa case temeraria e agora estaba sendo a peor empresa que había pasado por Lalín. Criticou que o goberno non se lle metera ningunha sanción. Recordou que o grupo popular, cando gobernaba, si lle metera varias sancións á empresa que se ocupaba naquel momento dos Parques e Xardíns, EULEN. Preguntou: ¿por que non se lle metera ningunha sanción á empresa actual un ano e pico despois?

D^a Celia Alonso Caramés aclarou que non era un ano e pico, que facía o ano en xuño.

D. Xosé Crespo Iglesias preguntou: ¿porqué non se lle metera ningunha sanción á empresa que levaba varios incumprimentos? Criticou que era moi fácil vir barato e despois non cumprir.

D^a Celia Alonso Caramés deulle a razón, indicando ademais o prexuízo que lle causaba para o seguinte contrato.

D. Xosé Crespo Iglesias lle dixo que reclamaba que no lle tiñan posto ningunha sanción á dita empresa, e que non tiña nada que ver cos traballadores, porque estes se subrogaban a seguinte empresa.

D^a Celia Alonso Caramés indicou que os traballadores eran moi boa xente, o que subscribiu **D. Xosé Crespo Iglesias**.

O Sr. Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García**, preguntou se lle podía preguntar ao Sr. Secretario.

D. Nicolás González Casares dixo que non; que non aprobaron a comparecencia do Sr. Secretario para ese Pleno. E indicoulle que podíalle preguntar ao Sr. Secretario o que considerase oportuno despois do Pleno. Aclaroulle que podía

facer durante o desenvolvemento do Pleno unha consulta técnica ao Sr. Secretario, pero non podía facer preguntas doutro tipo.

D. Juan José Cruz García, preguntou se non podía facerlle preguntas no Pleno a ningún funcionario como a Sra. Interventora, ¿entón que sentido tiña isto?.

D. Nicolás González Casares lle aclarou que para iso lle tiña que preguntar aos políticos ou conseguir un terzo máis un dos votos do Pleno e solicitar informes, que iso era o que indicaba a normativa.

E, sendo as doce horas e corenta e cinco minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataran, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Tenente de Alcalde, **D. Nicolás González Casares** levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e feudatario público dou fe.

O Alcalde.
Rafael Cuíña Aparicio

Dou fe. O Secretario Xeral.
César López Arribas